

INTRODUCCIÓN

A Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Benestar do Concello de Xinzo de Limia, a través do Centro de Información ás Mulleres (CIM), propúxose para o ano 2013, poñer en marcha o III Plan Municipal para Igualdade entre mulleres e homes, coa finalidade de definir a estratexia a seguir no período 2013-2017, co propósito de conseguir que a igualdade formal entre mulleres e homes sexa cada vez máis unha realidade efectiva, tanto na vida pública coma na privada deste municipio.

A pesar dos cambios legais experimentados nos últimos anos, tanto no ámbito estatal coma autonómico, a desigualdade que sofren as mulleres persiste. O Concello de Xinzo de Limia é consciente de que nos cambios necesarios para acadar a igualdade, deben implicarse non só a Administración, senon tamén o conxunto da cidadanía como axente activo de transformacións. Na súa elaboración tívose en conta a realidade da sociedade limiana, mediante a participación do persoal político e técnico municipal, entidades, colectivos e a cidadanía; atendendo tamén a súa diversidade, ás directrices tanto autonómicas como estatais existentes en materia de igualdade; así como a introducción da perspectiva de xénero ó longo de todo o Plan.

O deseño deste novo instrumento, responde a unha análise da situación do municipio en materia de igualdade; así como das fortalezas e os aspectos de mellora dos plans de igualdade anteriores.

Nas medidas que incorpora este III PIOM estrutúranse dúas estratexias: a transversalidade, que implica promover a integración da dimensión de xénero na elaboración, aplicación e seguimento de todas as políticas, medidas e actuacións; e as accións positivas e medidas específicas, de carácter temporal que permiten corrixir ou contrarrestar as discriminacións que son o resultado de prácticas sociais aparentemente neutras. Ámbalas dúas estratexias son complementarias e imprescindibles.

O III Plan de Igualdade é, polo tanto, unha ferramenta que facilita o traballo de non discriminación por razón de sexo, implicando á actividade municipal no seu conxunto, de maneira que o Concello se convirta en exemplo de actitudes igualitarias para as mulleres e homes da Limia, a quen, en definitiva, van destinados os resultados da súa implementación durante os vindeiros cinco anos.

O Plan contou cun importante proceso de participación social e profesional que, sen dúbida, contribuíu a integrar plantexamentos e criterios plurais que responden á configuración multicultural e multiétnica da sociedade limiá.

O noso mellor recoñecemento para todas e cada unha das persoas, técnicos/as, organismos e institucións que puxeron a disposición as súas iniciativas e coñecementos, contribuíndo á laboriosa organización e posta en marcha deste III PIOM da Limia, que representa por unha banda, o diálogo impreso cós técnicos/as municipais e mulleres e homes da Limia, manifestando as súas suxerencias, coñecementos e opinións; e pola outra a experiencia do funcionamento do CIM, determinada polo asesoramento e atención puntual ás mulleres da Limia.

1.- PROCESO DE ELABORACIÓN.

1.- PROCESO DE ELABORACIÓN.

A situación de desigualdade que viven as mulleres é unha realidade complexa e multidimensional que esixe un maior fomento do traballo en pro da igualdade de xénero desde un enfoque integrador e colaborativo. Neste contexto, resulta esencial para o Concello de Xinzo de Limia o deseño e a planificación dunha nova estratexia dirixida a avanzar na configuración dunha sociedade máis inclusiva para todas/os limiáns, unida á coordinación dun conxunto amplo e renovado de actuacións que permitan o logro de obxectivos comúns para o presente e o futuro; e, en cuxa selección e implantación, participen tanto os distintos ámbitos dos departamentos municipais, como outros axentes.

Por esta razón, a Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Benestar do Concello de Xinzo, ten como desafío para estes cinco anos (2013-2017) facer da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes un elemento dinamizador da construción política, social e económica da sociedade limiá. Para elo vai elaborar o III Plan Integral de Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres, que proporcione un soporte técnico ás actuacións dentro desta concellería, adecuándoos ás novas esixencias da sociedade e promovendo a coordinación operativa coas diferentes áreas municipais e as entidades que prestan servizos dirixidos á muller, a través da coordinación interdepartamental.

No marco das diferentes actuacións necesarias para a elaboración do Plan, destacan as seguintes:

- *Coñecer a problemática, necesidades e inquiredanzas máis acuciantes dos distintos grupos de mulleres da Limia (muller rural, muller inmigrante, muller xitana...).*
- *Desenvolver as actuacións do Plan en función da problemática detectada.*
- *Reforzar as condicións que permitan o pleno dereito á igualdade.*
- *Favorecer unha participación equilibrada das mulleres e dos homes na toma de decisións.*
- *Conciliar a vida familiar e profesional para mulleres e homes.*
- *Promover a igualdade de oportunidades, tanto na formación ocupacional coma no acceso ó mercado laboral.*
- *Aplicar o protocolo de actuación municipal para a atención ás vítimas de violencia de xénero no Concello de Xinzo de Limia.*

A partires deste marco de actuacións, deseñouse un modelo, formado por un conxunto de áreas, obxectivos (xerais, específicos e operativos) e liñas de actuación, que responden a unha análise da situación respecto ás igualdades e desigualdades entre mulleres e homes, ao igual que as fortalezas e dos aspectos de mellora dos plans anteriores, pero sobre todo ao propósito de priorizar determinadas áreas de intervención en función das necesidades e da previsión de recursos dispoñibles.

Igual que no PIOM anterior, os principios básicos que conforman este novo Plan son os seguintes:

- **COORDINACIÓN INSTITUCIONAL:** *Este principio permitirá mellorar todas as actuacións encamiñadas para a muller limiá, optimizando e coordinando todos os recursos existentes.*
- **SENSIBILIZACIÓN:** *No proceso de consecución da igualdade de oportunidades é fundamental a concienciación social sobre a problemática da muller limiá, das desigualdades sociais nas que están inmersas, fundamentalmente as mulleres inmigrantes de procedencia magrebíe e as mulleres xitanas; favorecendo así un verdadeiro cambio de actitudes.*
- **INFORMACIÓN:** *Acceso das mulleres a unha rede informativa sobre os dereitos e recursos existentes para elas.*
- **INTEGRACIÓN:** *Establecemento dunha liña común de actuación en materia de igualdade de oportunidades dende todas as áreas municipais.*
- **PARTICIPACIÓN:** *Fomento da colaboración de diferentes axentes sociais e a cidadanía, potenciando mecanismos de participación que faciliten a súa cooperación e implicación.*
- **FORMACIÓN:** *Acceso das mulleres a unha educación integral (obradoiros, xornadas formativas, cursos...), que as dote dunha maior conciencia sobre as súas necesidades, os seus dereitos, ofrecéndolle máis oportunidades para o seu desenvolvemento persoal.*
- **PROMOCIÓN:** *Transformación da muller limiá en prol da sociedade, aportando novos valores ós esquemas tradicionais procedentes fundamentalmente do medio rural.*
- **REINSERCIÓN:** *Atención especial e específica ás mulleres que se atopan en risco de exclusión ou marxinación social na Limia (inmigrantes, xitanas, discapacitadas...), e dar resposta as súas necesidades máis inmediatas para acadar a igualdade de pleno dereito en todos os ámbitos da vida local.*
- **INVESTIGACIÓN:** *Coñecer as demandas e necesidades do colectivo feminino para realizar unha política social cunha visión ampla, xenerosa e baseada na comunicación e intercambio de ideas e experiencias.*
- **SOLIDARIEDADE:** *Fortalecer as relacións entre mulleres de distintas idades e culturas, coa finalidade de fomentar o intercambio de experiencias e a convivencia entre as diversas culturas (cultura magrebíe, cultura xitana, cultura tradicional limiá...).*

- **ACCIONES POSITIVAS:** Desenvolver medidas específicas, dirixidas a combater as discriminacións por razón de xénero en calquera ámbito da vida.
- **INTEGRALIDADE:** Implicar a todas as áreas municipais para que compartan os obxectivos delimitados no presente PIOM, e se coordinen na súa execución.
- **INTERDISCIPLINALIDADE:** Aplicar programas iguais para todas as mulleres da Limia, atendendo á desigualdade que hai nos diferentes colectivos, e á diversidade dos recursos dispoñibles.
- **PREVENCIÓN:** Enfocar as actuacións na Limia, tendo en conta o proceso de socialización, dende a súa orixe, concedendo especial atención ás primeiras etapas da educación.
- **TRANSVERSALIDADE:** Incorporación da perspectiva de xénero na totalidade das políticas e actuacións municipais, garantindo así a igualdade entre mulleres e homes en todas as medidas xerais e actuacións concretas.
- **PRESENZA EQUILIBRADA DE MULLERES E HOMES EN TODOS OS ÁMBITOS DA VIDA:** económico, político, social e cultural.
- **IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN:** Contempla a diversidade dende a igualdade para reparar situación de dobre discriminación (mulleres con discapacidade, minorías étnicas e inmigrantes...).
- **FORMACIÓN:** Comprende a realización de actuacións específicas de accións do propio plan como das mulleres en xeral para acadar a súa inserción sociolaboral.
- **PARTICIPACIÓN E COOPERACIÓN INSTITUCIONAL:** Inclúe diversas actuacións nos ámbitos da educación, do emprego, da saúde, da toma de decisións, da negociación colectiva, do asociacionismo, entre outras, así como o traballo de cooperación entre as institucións.

Estes principios básicos irán marcando as liñas de actuación para a implementación posterior deste Plan no concello de Xinzo de Limia, que atenderán principalmente a:

- A sensibilización da sociedade na toma de conciencia da desigualdade persistente actualmente entre os sexos.
- A difusión na cidadanía de valores relacionados coa Igualdade de Oportunidades en todos os ámbitos.

- *A investigación para adecuar as actuacións ás realidades concretas das persoas ás que van destinadas.*
- *A información sobre os dereitos e recursos existentes para as mulleres como camiño hacia a consecución real da igualdade.*
- *A formación das persoas implicadas na posta en práctica do Plan como a das persoas destinatarias do mesmo.*
- *A coeducación para educar a nenas e nenos sin estereotipos de xénero, permitindo a cada quen desenrolar as súas potencialidades en capacidades, sen sesgos por razón de sexo.*
- *A eliminación de todo tipo de violencia contra as mulleres.*
- *A coordinación entre as distintas áreas municipais, outros Organismos e Administracións.*
- *A avaliación continua non sólo como lexitimadora da calidade e eficacia da acción, tamén confire ás políticas de igualdade o grao de transparencia imprescindible en toda actividade pública.*
- *A solidariedade entre mulleres tanto da poboación de acollida coa poboación inmigrante, como en cada colectivo.*

Existen competencias nalgúns campos que escapan ó ámbito municipal, polo que á hora de traballar algúns obxectivos en materia de emprego, educación, saúde, ... necesitaremos da colaboración doutras institucións. Contamos para elo co protagonismo fundamental que o Concello ten para transmitir ó resto das Administración e entidades as necesidades da cidadanía á que representa.

O Plan tamén promove un cambio de actitudes na sociedade limiá a pro do principio de Igualdade de Oportunidades eliminando as discriminacións por cuestión de sexo. Busca favorecer o acceso das mulleres ós servizos e recursos existentes, facilitando o exercicio dos seus dereitos e elimianndo os atrancos que dificultan a súa participación social e promoción persoal.

Vai a integrar progresivamente as políticas específicas de Igualdade de Oportunidades nas políticas xerais municipais, Mainstreaming ou Transversalidade, de tal forma que a consecución da Igualdade entre mulleres e homes pase a converterse en obxectivo xeral de todas as súas actuacións.

Ofrece ferramentas para aumentar a participación das mulleres a nivel económico, político e social, nas esferas de responsabilidade e na toma de decisións.

Recolle propostas para facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal de mulleres e homes baseadas na corresponsabilidade e a equidade, impulsando por un lado servizos que atendan esas necesidades e por outro a incorporación dos homes ó reparto de tarefas, responsabilidades e coidados existentes no fogar.

A nivel preventivo inclúe medidas para introducir a coeducación nos centros escolares, facilitando a educación na infancia e a mocidade en Igualdade de Oportunidades.

Atenderá especialmente actuacións para loitar contra todo o tipo de violencia contra as mulleres.

A igualdade é un dereito das persoas que posibilita a mulleres e a homes, tanto en público coma en privado, desenvolver as súas capacidades persoais sin as limitacións que tradicionalmente nos impuxeron os roles asignados a cada sexo. Con ela avanzamos na construción dunha sociedade máis democrática, xusta e desenrolada a todos os niveis, cuxo obxectivo prioritario é mellorar a calidade de vida de toda a poboación da Limia.

2.- SITUACIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

2.- SITUACIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA.

Durante os últimos tempos, as novas políticas de igualdade, fixeron que as mulleres se fosen incorporando e implicando en todos os ámbitos sociais en pro da igualdade: emprego, educación, formación, cultura, participación cidadá...; nembargantes aínda existen numerosos atrancos, que dificultan o acceso e participación das mulleres en igualdade de condicións que os homes.

Os datos recollidos das conclusións e resultados da avaliación do II PIOM da Limia e dos oito anos de funcionamento do CIM, pon de manifesto que se fixeron adiantos importantes en materia de igualdade, observándose cambios nas actitudes, na asunción de estereotipos, na capacidade crítica e maior implicación das mulleres nas actividades desenvolvidas, así mesmo, tamén se debe resaltar o compromiso, implicación e evolución do persoal político e técnico que durante os anos de vixencia do Plan, participaron directa ou indirectamente nas actuacións, manifestando unha maior involucración persoal nas diferentes actuacións en pro da igualdade, así como coas vítimas de violencia de xénero.

Cabe sinalar, que durante estes últimos anos, incrementouse a presenza das mulleres nas asociacións, non solo como socias, senon tamén como membros da xunta directiva con capacidade de decisión e liderazgo, resaltan especialmente a Asociación de Mulleres Rurais “A Lagoa”, Asociación Sociocultural de Mulleres da Limia “O fiadeiro”, Asociación de Mulleres Rurais “As Sabelas” de Ganade, Escola Rural de Saúde da Limia, e a Mesa da Muller do GDR-14, que representa a todas as asociacións de mulleres da Comarca da Limia, existindo pola outra banda, maiores dificultades de acceso a postos de responsabilidade no mundo laboral e na esfera política. Non cabe dúbida que a incorporación da muller ó mundo laboral, trouxo consigo un profundo cambio na distribución das tarefas dentro da unidade familiar, co correspondente reparto equitativo de responsabilidades familiares e persoais, que se evidencia tamén nas familias da Limia, especialmente nas xeracións máis novas.

Nos últimos anos, na Limia, producíronse grandes avances, no ámbito da violencia de xénero, especialmente no que se refire á prevención, asesoramento técnico, asistencia, intervención e tratamento integral das vítimas. Póndose en marcha de xeito permanente a Comisión-Xunta de Seguridade Local para a mellora de atención ás vítimas de violencia de xénero, e a elaboración e publicación no ano 2011 do Protocolo de actuación municipal para atención ás vítimas de violencia de xénero. Todas estas medidas permiten responder axeitadamente ás necesidades das vítimas, procurando a recuperación da súa identidade e autonomía.

En canto á intervención municipal para facilitar a conciliación da vida familiar, laboral e persoal de mulleres e homes da Limia, incrementouse a oferta de prazas para nenas e nenos de 0 a 3 anos, creando unha nova gardería municipal “Galescola”. Tamén se puxo en marcha o Programa para a Educación e Apoio Familiar, cuxo obxectivo é mellorar a actuación dos servizos sociais municipais coa poboación inmigrante axudando á convivencia intercultural, intermediando coas familias, resolución de conflitos e dificultades. Nesta

mesma liña, séguese dando continuidade ó programa de desenvolvemento xitano, dentro do que se desenrolaron accións enfocadas a facilitar os procesos de erradicación do chabolismo e o acceso á vivenda normalizada; proxectos enfocados a favorecer dende o ámbito socio-familiar a normalización do alumnado xitano; mellora da empregabilidade e da inserción socio-laboral da poboación xitana; promoción integral da saúde; e mellora da participación social.

En cada acción formativa que organiza o Concello de Xinzo de Limia, especialmente aquelas dirixidas a grupos que se atopan en risco de exclusión social (cursos de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, obradoiro de emprego, cursos para a prevención do abandono escolar, cursos formativos en competencias clave, programa clara...), engade ao programa docente específico de cada acción, un módulo complementario de formación en igualdade e corresponsabilidade da vida persoal, familiar e laboral, que é impartido por un axente con formación ou experiencia en igualdade.

3.- ESTRUCTURA DO III PIOM DA LIMIA.

3.- ESTRUCTURA DO III PIOM DA LIMIA.

A estrutura do III Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do concello de Xinzo de Limia conta con diferentes áreas de actuación que se corresponden por un lado coa organización da actividade municipal do propio Concello, e polo outro coas desigualdades por razón de sexo.

A nivel global o Plan conta con obxectivos xerais e específicos, que ten a finalidade de implantar progresivamente a transversalidade de xénero ou Mainstreaming en todas as políticas que leve a cabo o Concello de Xinzo de Limia.

Como áreas transversais aparecen: Transversalidade de xénero na política municipal do Concello de Xinzo; e Información, Comunicación e Sensibilización.

A nivel sectorial as áreas que integran o Plan son:

- Emprego, Conciliación e Corresponsabilidade.
- Educación e Promoción Cultural.
- Calidade de Vida e Benestar Social.
- Mulleres con Problemática Específica.
- Abordaxe Integral da Violencia de Xénero.

O Plan ten en conta a adecuada coordinación de todas estas áreas para acadar os obxectivos plantexados no mesmo, así coma as responsabilidades de cada sección municipal.

Todas ás áreas seguirán a mesma estrutura no seu deseño, contemplando obxectivos en cada unha e actuacións previstas para acadalos. Establéceranse tamén os servizos municipais implicados para lograr a súa consecución.

Este proxecto ten en conta a flexibilidade necesaria para adaptarse ós plantexamentos e estratexidas a seguir en materia de igualdade de oportunidades a nivel estatal, autonómico, local e comunitario.

Son varios os Organismos, Consellerías e Departamentos da Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Igualdade, Consellería de Traballo e Benestar...), e do Concello (CIM, Servizos Sociais Comunitarios; Oficina de Inmigración, Axencia Local de Emprego, Cultura e Turismo, Sanidade e Consumo...), que de xeito permanente están pondo en marcha medidas coa finalidade de promover a igualdade e de previr e erradicar a violencia de xénero.

Anualmente séguense renovando axudas e acordos de colaboración entre a Secretaría Xeral de Igualdade e o Concello de Xinzo de Limia para a promoción da igualdade. Nesta liña, o compromiso municipal e o desenvolvemento de programas impulsados pola Xunta de Galicia e o Instituto da Muller, servirán para seguir mellorando o nivel de implantación e xestión municipal das políticas de igualdade. Dende este punto de vista a Concellería de Igualdade e Benestar é fundamental para xestionar politicamente este compromiso, o que

nos vai a permitir acadar obxectivos estratéxicos, garantir a calidade e a estabilidade das intervencións adecuadas á realidade do territorio, coordinándoas co resto das institucións e Organismos.

Este Plan de Igualdade, recolle o compromiso do Concello de Xinzo coas veciñas e veciños para avanzar na consecución da Igualdade de Oportunidades para Mulleres e Homes.

3.1.- Obxectivos.

A formulación dos obxectivos oríentase ó desenvolvemento do PIOM, por unha banda as institucións públicas (Concello e dependencias municipais), e pola outra, a sociedade limiá.

3.1.1.- Obxectivos dirixidos ó Concello.

- **Obxectivo Xeral:**

- Recoñecer que a igualdade de oportunidades é un dereito, co conseguinte pulo de políticas transversais e de acción positiva, contribuíndo a crear condicións e estruturas sociais que permitan que a igualdade entre mulleres e homes sexa real e efectiva.

- **Obxectivos Específicos:**

- Ofrecer as ferramentas necesarias para incluír o enfoque de xénero nas diferentes actuacións de cada Departamento do Concello de Xinzo de Limia
- Formalizar o compromiso de impulsar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes desde todos os Departamentos do Concello de Xinzo de Limia.
- Facilitar a conciliación da vida laboral e familiar como liña fundamental nas políticas de igualdade municipal.
- Servir de referente ás Entidades Locais en materia de igualdade de oportunidades, establecendo medidas que apoien, impulsen e orienten o desenrolo efectivo das súas propias competencias.
- Establecer un marco referencial para a xestión de políticas de igualdade a nivel local: ordenanzas municipais, orzamentos locais, persoal técnico en igualdade, plans locais de igualdade, convenios laborais, formación complementaria...

3.1.2.- Obxectivos dirixidos á Sociedade Limiá.

- **Obxectivo xeral:**

- Liderar un proceso de cambio social que garante a consecución da igualdade de oportunidades para mulleres e homes no Concello de Xinzo de Limia.

- **Obxectivos Específicos:**

- Coñecer a situación das mulleres da Limia, identificando as variables de desigualdade que principalmente lles afectan, tendo en conta a diversidade de colectivos que as integran.
- Establecer indicadores para medir a situación e evolución da igualdade de oportunidades en cada unha das áreas de intervención.
- Establecer diferentes medidas de acción para cada unha das áreas de intervención do Plan, orientadas a mellorar a calidade de vida das mulleres, e eliminar a desigualdade entre mulleres e homes.
- Implicar a corresponsabilidade da poboación limiá, na mellora da calidade de vida das mulleres, e no camiño hacia a igualdade para mulleres e homes.
- Concienciar á poboación da Limia sobre o compromiso compartido para mellorar e facilitar o cambio hacia a igualdade.

3.2.- Destinatarias/os do Plan.

En función dos obxectivos, áreas de intervención e actuacións do Plan, establecéronse dous tipos de destinatarios do mesmo:

1.- O Concello de Xinzo de Limia, como máximo responsable da execución das políticas nas que se contemple de forma específica a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; fundamentalmente a través da creación e funcionamento dunha Consellería de Igualdade e Benestar, e de seguir mantendo e xestionando o funcionamento permanente do CIM da Limia; ou promocionando ás Asociacións de Mulleres Rurais na Limia, a través de campañas, xornadas ou actividades.

2.- A Sociedade Limiá, mulleres e homes, que dende a súa diversidade, deben poder disfrutar e participar en igualdade de dereitos e recursos, compartindo o poder e a responsabilidade en todos os ámbitos da vida.

4.- DIFUSIÓN E IMPLANTACIÓN DO PLAN.

4.- DIFUSIÓN E IMPLANTACION DO PLAN.

4.1.- Difusión.

Durante o primeiro ano de implantación do Plan, ano 2013, deseñaranse diferentes campañas de comunicación, orientadas á difusión do Plan de Igualdade entre as súas/seus destinatarias/os. Desenvolveranse diferentes accións dirixidas ós distintos departamentos do Concello e ó persoal técnico.

Aprobarase en Xunta de Goberno Municipal coa súa ratificación e aprobación en sesión plenaria, e posteriormetne presentarase nunha rolda de prensa, ante os medios de comunicación, na que estará presente o Alcalde, o Concelleiro de Igualdade e Benestar, e o persoal técnico que elaboraou o plano.

4.2.- Implantación.

Para implantar coas máximas garantías o desenvolvemento deste Plan, estableceranse dende o Concello diferentes medidas relativas a orzamentos, organización e plans de traballo anuais; nesta liña, o control e seguimento político será un factor determinante que garantirá a súa adecuada implantación.

Manterase a área de Administración Municipal do principio de igualdade, coma unha liña de carácter transversal, que vai a permitir uns niveis adecuados de coordinación entre os Departamentos que fortalecerán a implantación do plan de igualdade. O Plan require duns niveis axeitados de coordinación entre os diferentes Departamentos, e destes co resto dos municipios da Comarca da Limia. Asimesmo, a posta en marcha do Plan pasa polo fortalecemento dos foros e ámbitos de traballo coordinado.

O concello de Xinzo de Limia, a través da Concellería de Igualdade e Benestar, co apoio inestimable da Secretaría Xeral de Igualdade, adoptará as medidas orzamentarias necesarias para o desenvolvemento das actuacións planificadas, tendo en conta as directrices marcadas polo Consello de Dirección do Plan.

5.- TEMPORALIZACIÓN DO PLAN E PROGRAMA DE TRABALLO.

5.- TEMPORALIZACIÓN DO PLAN E PROGRAMA DE TRABALLO.

Tendo en conta que a vixencia do Plan é de cinco anos (dende xaneiro de 2013 ata decembro de 2017), os obxectivos e as accións, deberán desenvolverse a través de plans de traballo anuais, onde cada Departamento reflectirá paulatinamente o seu nivel de compromiso.

Nos diferentes criterios de desenvolvemento anual do Plan, marcaranse uns obxectivos prioritarios que centrarán a maior parte das medidas e actuacións para por en marcha; determinando as medidas correspondentes a outros obxectivos que se aplicarán e irán desenvolvendo en cada ano e en cada área. Así mesmo, cada ano teranse en conta a definición e aspectos metodolóxicos, de seguimento e avaliación, con informes anuais de seguimento.

6.- METODOLOGÍA: AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN.

6.- METODOLOXÍA: AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN.

6.1.- Avaliación.

A avaliación do Plan, concíbese coma un procedemento de mellora continua no marco do desenvolvemento das accións programadas, así mesmo esta avaliación tamén implica un instrumento necesario para a detección de obstáculos e necesidades, permitindo a súa vez, un reaxuste das accións predeterminadas.

Unha vez rematado o Plan, estableceuse o procedemento de avaliación a seguir, en función das actuacións levadas a cabo e da información recollida en cada unha das actuacións, centrándose ésta nunha valoración cuantitativa e cualitativa.

Dentro da metodoloxía, vaise seguir unha liña de traballo baseada na realización dunha avaliación continua que permitirá analizar a adecuación das accións, detectando as propias fortalezas e debilidades que, unha vez identificadas, posibilitan, cando se considere oportuno, a posta en marcha de accións de apoio e reforzo necesarias.

Medir o grao de desenvolvemento das distintas áreas do plan implica a elaboración dun sistema de seguimento. O seguimento do III PIOM das mulleres da Limia, levarase a cabo con carácter anual; así durante todos e cada un dos anos da súa vixencia, contando con información que permita acadar dous obxectivos básicos:

- *Coñecer o grao de cumprimento do plan, á finalización de cada ano, determinando deste xeito qué actuacións se iniciaron e cáles non.*
- *Coñecer cómo se está procesando á execución do plan; isto é, qué actividades concretas se foron realizando cara ó cumprimento deste, para cada unha das medidas que se inclúen.*

O método que se vai a utilizar no seguimento basease na utilización dunha ficha de recollida de información (ver anexos), deseñada e codificada especificamente para recompilar datos relativos a cada unha das actuacións executadas directamente e que se cubrirá de xeito independente en cada actuación. As fichas permitirán deixar constancia de cada unha das actividades realizadas para a consecución dos obxectivos e actuacións definidas neste Plan, sinalando con claridade á área e obxectivo concreto do III PIOM, ó que fai referencia; así mesmo, especificarase a data de realización e o alcance e resultados desta, e unha valoración da actuación realizada, por parte do departamento organizador e por parte do público asistente.

Pola outra banda, establecéronse cantas reunións se consideraron oportunas para o correcto seguimento desta avaliación.

As conclusións do seguimento servirán para realizar a avaliación continua durante a aplicación do II PIOM, facilitando información para solventar dúbidas ou problemas que surxiran durante a implantación do Plan. Os resultados que se obteñan servirán para reorientar e correxir actuacións, coñecer a satisfacción dos obxectivos, e supervisar o avance na súa implantación. Os datos obtidos facilitarán a proposta de cambios no deseño de organización do Plan cando se faga necesario.

A avaliación farase en varias fases:

- **Parcial:** *avaliación ó final de cada ano, cun total de cinco avaliacións anuais, cuxos datos aparecerán recollidos na fichas de recollida de datos do PIOM do ano en curso (2013, 2014, 2015, 2016 e 2017).*
- **Final:** *avaliación xeral para determinar en que medida se cumpren os obxectivos plantexados, buscase visibilizar os cambios, avances e carencias existentes nas relacións entre mulleres e homes do municipio, en relación á Igualdade de Oportunidades, tras os anos de implementación do Plan.*
- **Impacto:** *coa realización da avaliación final contrastarase ademais de si as actividades se executaron, si as propostas de actuación contribúen a eliminar as desigualdades entre mulleres e homes , ou pola contra provocarán efectos diferenciais entre ambos sexos.*

O procedemento de avaliación final terá dúas vertendes diferentes, en función da información manexada. Por unha banda, procederase a unha avaliación desde unha perspectiva cuantitativa, e pola outra, a unha avaliación cualitativa.

O obxectivo da avaliación cuantitativa será contabilizar as actuacións iniciadas e non iniciadas ou sen finalizar, considerando o seu alcance, sobre todo en termos de ámbito xeográfico e de poboación beneficiaria.

No que respecta á avaliación cualitativa, a súa finalidade será coñecer se se cumpriron os obxectivos plantexados e avaliar os resultados das actuacións que se levaron a cabo en cada unha das áreas que integran o Plan, tendo en conta a poboación destinataria e o seu impacto.

Os obxectivos e accións recollidas neste III PIOM da Limia, así como as estruturas derivadas da súa posta en marcha, requiren dun proceso de avaliación que mida o cumprimento das actuacións plantexadas e o seu impacto na sociedade limiá, para elo, establecerase unha avaliación total, na que se establecerán as accións, orzamentos, servizos e persoas responsables para a súa execución; así como os indicadores que permitan comprobar o grao de execución, resultados e impacto, incorporando unha análise cuantitativa e cualitativa. No último ano do Plan, emitirase un informe final, que dea conta das actuacións realizadas e dos resultados acadados en termos de igualdade entre mulleres e homes, ademais de facer propostas de mellora e recomendacións en cada unha das áreas para o seguinte plan, co obxecto de:

- *Coñecer o modo en que se executaron as accións previstas e o seu grao de adecuación con respecto ós obxectivos establecidos.*
- *Informar sobre o grao de cumprimento do Plan.*
- *Coñecer o impacto do Plan na sociedade limiá.*
- *Detectar as debilidades e fortalezas dos procesos e estruturas de traballo.*
- *Obter información suficiente para a elaboración do terceiro Plan de Igualdade.*

Ademais, no informe final consideraranse os datos e a información obtida a partir das investigación e estudos realizados durante o desenvolvemento do Plan.

6.2.- Seguimento.

Medir o grao de desenvolvemento das distintas áreas do Plan, implica a elaboración dun sistema de seguimento. O seguimento do III PIOM da Limia, levarase a cabo con carácter anual; así, durante todos e cada un dos anos da súa vixencia, deberá contarse coa información que permita acadar dous obxectivos básicos

- *Coñecer o grao de cumprimento do Plan, a finalización de cada ano, determinando deste xeito que actuacións se iniciaron e cales non.*
- *Coñecer como se está procedendo á execución do Plan; isto é, que actividades concretas se van realizando cara ó cumprimento deste, para cada unha das medidas de actuación que se inclúen.*

O método que se debe utilizar no proceso de seguimento basearase na utilización dunha ficha de recollida de información (1), deseñada especificamente para recompilar datos relativos a cada unha das actividades e que cubrirá cada organismo responsable durante os anos de vixencia do Plan. Estas fichas permitirán deixar constancia de cada unha das actividades realizadas para a consecución dos obxectivos e actuacións definidas no mesmo.

Coa información que cada ano se vaia recollendo realizarase un informe sobre a posta en marcha do Plan, que permitirá coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos e proceder, deste xeito, a unha avaliación continua que facilitará se procede, o axuste do Plan e ir coñecendo a aplicación de transversalidade ao principio de igualdade de oportunidades que inspira o IIIº PIOM da limia.

7.- ÁREAS ESTRATÉGICAS DE INTERVENCIÓN.

7.- ÁREAS ESTRATÉXICAS DE INTERVENCIÓN.

O Plan de Igualdade, intégrase por oito liñas de intervención, das que as dúas primeiras son de carácter transversal e as seis seguintes de intervención específica

Como áreas transversais aparecen: Transversalidade de xénero na política municipal; e Información, Comunicación e Sensibilización.

A nivel sectorial as áreas que integran o Plan son:

- Transversalidade de xénero na política municipal do Concello de Xinzo.
- Información, Comunicación e Sensibilización
- Emprego, Conciliación e Corresponsabilidade.
- Educación e Promoción Cultural.
- Mulleres e Medio Rural.
- Calidade de Vida e Benestar Social.
- Mulleres con Problemática Específica.
- Abordaxe Integral de Violencia de Xénero.

7.1.- Transversalidade de Xénero na Política Municipal do Concello de Xinzo.

A transversalidade de xénero, utilízase como sinónimo de mainstreaming de xénero ou enfoque integrado de xénero, e fai referencia a incorporación e aplicación do Principio de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes nas políticas públicas.

O Concello de Xinzo de Limia debe garantir o acceso a todos os recursos en igualdade de condicións e planificar as políticas públicas municipais en función das desigualdades existentes, identificando e avaliando os resultados e impactos producidos por estas no avance da igualdade real.

A integración do principio de igualdade de oportunidades no Concello de Xinzo, implica dous tipos de cambio necesarios no seu modelo de xestión: **un cambio procedimental**, que fai referencia as “formas de facer” e actuacións da actividade administrativa, poñendo no corazón da política municipal a diferente situación e posición social de mulleres e homes, co obxecto de satisfacer de forma equitativa as necesidades de ámbolos dous sexos, e **un cambio estrutural**, dirixido a revisar as estruturas e formas de organización da administración municipal, para erradicar, dende a súa base, os elementos estruturais que fan que se manteñan as desigualdades sociais entre ámbolos dous sexos. Correspóndelle pois o Concello de Xinzo, fomentar o impulso, promoción e coordinación da estratexia de transversalidade, converténdose nun elemento activo, asumindo a súa responsabilidade de traballar fomentando a igualdade entre mulleres e homes dende as súas respectivas áreas de actuación.

Obxectivo 1:	Incorporar a transversalidade de xénero nas políticas municipais do Concello de Xinzo de Limia.
---------------------	--

Actuacións:

1	Impulsar a implantación e difusión do III PIOM da Limia.
2	Habilitar un espazo virtual onde compartir información e experiencias no proceso de desenvolvemento do Plan.
3	Incluir a perspectiva de xénero nas estatísticas e investigación realizadas dende os departamentos e concellerías municipais.
4	Realizar a avaliación de impacto de xénero das axudas e subvencións concedidas nesta materia.
5	Seguir impulsando a participación do Concello de Xinzo de Limia en diferentes programas que promove a Secretaría Xeral de Igualdade.
6	Potenciación do Centro de Información ás mulleres (CIM), coma unidade administrativa e de funcionamento nas políticas de igualdade do Concello de Xinzo de Limia.
7	Sensibilizar e capacitar ó persoal político e técnico da incorporación del principio de igualdade.

Obxectivo 2:	Introducir a perspectiva de xénero na estrutura organizativa dos poderes públicos.
---------------------	---

Actuacións:

1	Designar persoas responsables a nivel político e técnico, da coordinación, seguimento e avaliación das actuacións que en materia de igualdade de oportunidades se impulsen dende cada departamento do Concello de Xinzo.
2	Continuar impulsando a realización de xornadas, cursos e seminarios para promocionar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
3	Fomentar a formación en igualdade do persoal ó servizo do Concello de Xinzo de Limia, e de forma específica ó persoal responsable en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
4	Introducir a perspectiva de xénero na formación continua do persoal ó servizo do Concello de Xinzo de Limia.
5	Fomentar a utilización dunha linguaxe non sexista e non discriminatoria nos documentos elaborados polo Concello de Xinzo e polas empresas e institucións que colaboren coa mesma.

Poboación ou entidades destinatarias:

- Secretaría Xeral de Igualdade
- Concello de Xinzo de Limia
- Persoal técnico e político do Concello de Xinzo de Limia.

Departamentos implicados:

- Todos

Indicadores:

- Normativa reguladora
- Recursos económicos dedicados.
- Nº e tipo de subvencións ou axudas.

7.2.- Información, Comunicación e Sensibilización.

Homes e mulleres necesitamos reflexionar sobre as orixes e consecuencias da discriminación por razón de sexo, sobre todo porque xa non é posible creer que as desigualdades son “normais” e que as inxustizas “sempre estarán aí”. A sociedade limiá deberá tomar conciencia e comprender que é a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes para poder contribuir ó desenrolo da nosa sociedade, para elo as actuacións incluídas nesta área, constitúen unha ferramenta determinante para rachar coas crenzas e estereotipos sexistas entre a poboación da Limia, e a súa vez traballar arredor da consecución da igualdade real entre mulleres e homes, facilitando e reforzando o desenrolo das políticas de igualdade.

As accións dirixiranse a poboación limiá, a ámbolos dous sexos, destacando a importancia dos homes como meros axentes de cambio á hora de rachar cos comportamentos e actitudes sexistas hacia as mulleres, especialmente no medio rural, como consecuencia da discriminación que soportaron as mulleres.

Obxectivo 3:	Sensibilizar en Igualdade de Oportunidades á poboación da Limia.
---------------------	---

Actuacións:

1	Planificación de campañas que amosen as discriminacións que actualmente sofren as mulleres segundo os ámbitos: laboral, doméstico, social..., coincidindo con fechas importantes: 8 de marzo, 25 de novembro e Festas Patronais.
2	Difusión da normativa en igualdade existente, os dereitos e os recursos para a consecución da igualdade entre a cidadanía, para elo recurrirase a documentación publicada polo Instituto da Muller, Secretaria Xeral de Igualdade e o propio Concello de Xinzo: folletos, guías informativas, protocolos, carteis...

Obxectivo 4:	Transmitir e difundir boas prácticas e valores sobre a igualdade para mulleres e homes.
---------------------	--

Actuacións:

1	Realizar traballos de investigación, relacionados con roles e estereotipos sexistas e difundir os resultados.
2	Realizar exposicións sobre a igualdade, coa finalidade de promover mensaxes igualitarias.

3	Levar a cabo campañas de información sobre a igualdade de oportunidades de mulleres e homes na Limia, evitando a perpetuación dos estereotipos e dos roles de xénero.
---	---

Obxectivo 5:	Promover manifestacións culturais, artísticas e deportivas en pro da igualdade de oportunidades
---------------------	--

Actuacións:

1	Apoiar as manifestacións culturais de Xinzo de Limia, nas que se represente ás mulleres cunha imaxe real e non estereotipada.
2	Fomentar a práctica deportiva das mulleres en todas as idades, realizando campañas de sensibilización con este obxectivo.

Obxectivo 6:	Cambiar as imaxes sexistas e estereotipadas das mulleres nos medios de comunicación e publicidade.
---------------------	---

Actuacións:

1	Difusión nos medios das actuacións para implementar o III Plan de Igualdade de Oportunidades de Xinzo de Limia e outras actuacións relacionadas cos logros e avances das mulleres.
2	Establecemento de pautas para a eliminación das mensaxes de calquera forma de violencia ou discriminación contra as mulleres.
3	Elaboración de materiais ou difusión dos xa existentes para facilitar o tratamento non sexista da información, das imaxes e da linguaxe empregada.

Poboación ou entidades destinatarias:

• Concello de Xinzo de Limia. • Persoal técnico e político do Concello de Xinzo de Limia. • Poboación da Comarca da Limia.
--

Departamentos implicados:

• Todos

Indicadores:

- Nº de campañas de información realizadas.
- Nº de mensaxes, anuncios, notas de prensa sobre igualdade de oportunidades.
- Nº de actividades culturais e deportivas desenvolvidas no eido da muller.

7.3.- Emprego, Conciliación e Corresponsabilidade.

A Lei 7/2004, de 16 de julio, galega para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia, fai referencia no seu Capítulo á Igualdade Laboral enre mulleres e homes, e no Art. 22, no que respecta o Plan de Emprego Feminino, cuxa finalidade é a de fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito das relacións laborais.

Un dos avances máis importantes nos últimos anos hacia a consecución da igualdade entre mulleres e homes, foi incorporación paulatina das mulleres ó mercado laboral; para contribuír a que esa igualdade laboral sexa real e efectiva, débese contar necesariamente coa participación activa das empresas e outros axentes sociais co propósito de eliminar as situación de segregación, tanto vertical coma horizontal, creando deste xeito unha cultura empresarial compatible coas responsabilidades de mulleres e homes, facilitando ó mesmo tempo o seu desenvolvemento profesional. Así pois, dende o Concello de Xinzo impulsáronse políticas de intervención en materia de formación e emprego, establecendo medidas que lles faciliten ás mulleres compatibilizar a súa vida familiar e privada co desenvolvemento profesional, xa sexa creando novas medidas, reforzando u garantindo a aplicación das xa existentes, ou combinando ámbalas dúas opcións, e é precisamente dende unha perspectiva de xénero como deberán articularse todas as prácticas de conciliación.

Obxectivo 7:	Coñecer a situación real das mulleres da Limia en relación ó Emprego.
---------------------	--

Actuacións:

1	Impulso para a realización de análises e estudos periódicos sobre a situación no emprego das mulleres da Limia.
2	Introducción da perspectiva de xénero e da variable xénero nos estudos de situación económica da Limia.

Obxectivo 8:	Eliminar os estereotipos existentes en canto ó acceso e promoción das mulleres no mercado laboral.
---------------------	---

Actuacións:

1	Diseño de campañas de sensibilización dirixidas a eliminar estereotipos de xénero en canto a contratación e promoción das mulleres.
2	Desarrollo por parte do Concello dunha política de contratación e promoción do seu propio persoal acorde co principio de Igualdade de Oportunidades.

Obxectivo 9:	Introducir a perspectiva de xénero nas mesas de negociación colectiva e en prevención de riscos laborais.
---------------------	--

Actuacións:

1	Introducción da variable xénero na negociación do convenio colectivo.
---	---

Obxectivo 10:	Aumentar a taxa de actividade feminina
----------------------	---

Actuacións:

1	Facilitación ás mulleres da Limia dunha formación ocupacional demandada polas empresas da zona, ou de acordó cos novos xacementos de emprego.
2	Promoción da reciclaxe daquelas mulleres que queiran incorporarse ó mercado laboral despois de varios anos de inactividade.
3	Deseñar e poñer en marcha programas formativos dirixidos á mulleres en risco de exclusión social.
4	Potenciar a incorporación das mulleres da Limia ó mercado laboral por conta propia, a través de axudas, subvencións, acceso a locais..., reforzando a coordinación e complementariedade de servizos.
5	Potenciar as campañas publicitarias de promoción do autoemprego feminino.
6	Facilitar o acceso das mulleres da Limia, ó mercado laboral, a través da Bolsa de Emprego que promove o CIM.

Obxectivo 11:	Sensibilizar en corresponsabilidade á poboación da Limia en todos os ámbitos da vida.
----------------------	--

Actuacións:

1	Desenrolo de campañas e actuacións para a implicación das mulleres e homes na implementación da corresponsabilidade nas tarefas domésticas e no coidado de persoas dependentes.
2	Facilitación da conciliación da vida laboral, familiar e persoal a todas as persoas dentro do propio Concello, incluídas as actividades públicas, comisións, plenos, xuntas de goberno...
3	Introducción en todos os niveis educativos da corresponsabilidade coa incorporación da aprendizaxe do coidado como necesidade vital para o desenrolo completo das persoas.

4	Información á poboación da Limia sobre os dereitos e normativa en materia de conciliación, recalcando que é cuestión de todas as persoas, homes e mulleres.
5	Potenciación do uso dos dereitos de conciliación por parte dos homes.

Obxectivo 12:	Adaptar os servizos de conciliación ás necesidades das persoas da Limia.
----------------------	---

Actuacións:

1	Implicación da administración municipal como modelo en materia de conciliación para o resto da cidadanía da Limia.
2	Aumento e mellora de servizos para conciliar a vida laboral, familiar e persoal como ludotecas, centros de día, residencias, asistencia domiciliar, adecuación de horarios, períodos vacacionais.
3	Priorización no acceso ós servizos de ludoteca, gardería, centro de día, centro social das persoas que teñan ó seu cargo responsabilidades familiares (persoas dependentes, persoas maiores...).
4	Consolidar o Banco do Tempo, coma unha iniciativa sólida para contribuir á conciliación da vida laboral, familiar e persoal, a través do intercambio non remunerado de servizos entre a poboación.
5	Configuración dunha oferta cultural, lúdica, deportiva e formativa infantil que sirva de maneira efectiva á conciliación da vida familiar e laboral de nais e pais ou persoas titoras, especialmente nos períodos de vacacións.

Poboación ou entidades destinatarias:

• Poboación da Comarca da Limia. • Mulleres da Comarca da Limia. • Concello de Xinzo de Limia. • Empresas da Comarca da Limia.

Departamentos implicados:

• Servizos Sociais do Concello de Xinzo. • Centro de Información á Muller (CIM). • Axencia Local de Emprego • Departamento de Persoal. • Sindicatos con representación municipal.

Indicadores:

- Nº de cursos formativos dirixidos ás mulleres.
- Nº e tipo de subvencións dirixidas ás mulleres desempregadas.
- Nº de consultadas realizadas na área de emprego e formación.
- Nº de ofertas tramitadas no servizo da Bolsa de Emprego do CIM.
- Nº de persoas que forman parte do Banco do Tempo.

7.4.- Educación e Promoción Cultural.

A importancia da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na educación radica na necesidade de conseguir unha sociedade sin discriminación por razón de sexo. As diferencias biolóxicas que determinan o sexo usáronse para xustificar a desigualdade social entre mulleres e homes, a cal é produto de costumes, tradicións e crenzas socialmente construídas, e maniféstase no acceso dispar ós recursos, á información, á toma de decisións e á prestación de servizos. Deste xeito, máis que en función das súas capacidades, mulleres e homes actúan conforme ós roles de xénero que se constrúen a partir das normas sociais de comportamento. A educación que ten en conta estes aspectos consiste na formación das nenas e nenos baseada en principios de igualdade. Esta tendencia abre o camiño hacia a superación da desigualdade de xénero, xa que crea as condicións para o acceso igualitario ó mercado de traballo e o cambio cultural en mulleres e en homes (por exemplo, a paternidade responsable e o compartir as labores domésticas), co que se favorece unha sociedade máis xusta e equitativa. A escola perfílase como o segundo ámbito de socialización. A educación actúa de maneira directa na construción dunha cultura, que a súa vez pode cambiar ou perpetuar formas de pensamento e acción social para mantelas xerarquizadas ou para incidir en transformalas.

O plantexamento inicial no ámbito educativo céntrase sobre todo en que os organismos e institucións adopten dentro das súas competencias, unha serie de medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma ós homes, unha educación para a igualdade, para estes efectos débese adaptar o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo ós obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación, reflectindo o transcendente papel que desempeñaron as mulleres na evolución histórica. As diferencias por sexos radican principalmente nas opción formativas dunhas e outros, que son determinantes no acceso ó emprego. Estas eleccións formativas e laborais están condicionadas pola adxudicación de roles e estereotipos ligados ó sexo das persoas polos modelos interiorizados ao longo da educación, e pola propia autolimitación aprendida por mulleres e homes. Estas desigualdades ponse de manifestó nas estruturas educativas, nas que sendo maioría a presenza das mulleres, os postos de responsabilidade atópanse ocupados de forma maioritaria por homes.

Obxectivo 13:	Potenciar iniciativas educativas e culturais baseadas na igualdade.
----------------------	--

Actuacións:

1	Realizar actuacións coeducativas nos centros escolares que fomenten o desenvolvemento de actitudes e valores de igualdade.
---	--

2	Recoller e difundir boas prácticas coeducativas desenroladas polos centros educativos
3	Fomentar a eliminación de roles e estereotipos de xénero a través da inclusión de contidos e actividades específicas, adaptados a cada tramo educativo.
4	Desenrolar medidas, desde a perspectiva de xénero, que afronten as causas do abandono escolar prematuro, tanto na poboación feminina coma na masculina.
5	Promover actividades extraescolares coa finalidade de fomentar e estimular a igualdade de oportunidades.
6	Velar polo uso dunha linguaxe non sexista en toda a documentación e cartelería dos centros educativos.

Obxectivo 14:	Revisar, dende a persepectiva de xénero, o contido dos materiais didácticos.
----------------------	---

Actuacións:

1	Revisar sistematicamente os libros de texto e os materiais didácticos, desde unha perspectiva coeducativa e de igualdade de oportunidades, para eliminar os estereotipos sexistas.
2	Establecer criterios para elaborar e elixir materiais educativos e didácticos con perspectiva de xénero.
3	Velar polo uso dunha linguaxe non sexista nos libros de texto e material didáctico dos centros educativos.

Obxectivo 15:	Incorporar a perspectiva de xénero na oferta formativa das persoas adultas.
----------------------	--

Actuacións:

1	Formar ó profesorado de educación de adultos e de apoio escolar do Concello, na perspectiva de xénero.
2	Incluir a perspectiva de xénero na oferta educativa de persoas adultas.

Obxectivo 16:	Potenciar o acceso das mulleres ás diferentes manifestacións culturais.
----------------------	--

Actuacións:

1	Impulsar a participación das mulleres en actividades artísticas, musicais e culturais do municipio.
2	Fomentar a creatividade das mulleres mediante a convocatoria de distintos tipos de concursos, premios...
3	Impulsar a creación dun área especializada en muller e xénero na Biblioteca Municipal.
4	Impulsar a participación das mulleres en actividades artísticas, musicais e culturais do municipio.
5	Fomentar a actividade, o uso e o acceso on line ós centros de documentación de mulleres a través do Centro Multimedia da Limia.
6	Impulsar a participación das mulleres en actividades artísticas, musicais e culturais do municipio.
7	Apoiar o asociacionismo das mulleres relacionadas coa produción artística e a cultura.

Poboación ou entidades destinatarias:

• Centros de Ensino de Primaria e Secundaria da Limia • Departamento de Educación Social do Concello de Xinzo. • Departamento de Cultura e Turismo do Concello de Xinzo. • Departamento de Educación de Adultos e Apoio Escolar do Concello de Xinzo. • Mulleres da Comarca da Limia. • Asociación de Mulleres da Comarca da Limia • Asociacións de nais e pais de alumnos/as de Xinzo
--

Departamentos implicados:

• Servizos Sociais do Concello de Xinzo. • Centro de Información á Muller (CIM). • Departamento Cultura e Turismo. • Departamento de Persoal. • Departamento de Educación Social.

- Departamento de Informática e Novas Tecnoloxías da Información.

Indicadores:

- Nº de cursos formativos dirixidos ás mulleres.
- Nº de iniciativas educativas e culturais levadas a cabo.
- Nº de actuacións coeducativas realizadas nos Centros de Ensino.
- Nº de ofertas formativas no ámbito cultural dirixidas a mulleres.
- Nº de actividades culturais do Concello nas que participan mulleres.
- Nº de asociacións culturais e veciñais nas que participan mulleres.

7.5.- Calidade de Vida e Benestar Social.

Dende unha perspectiva social o Desenrolo Sostible da comunidade limiá necesita apoiarse sobre un progreso que garante de forma equilibrada suficientes oportunidades para o benestar social e calidade de vida das mulleres. Estas oportunidades gardan unha estreita relación coas condicións que o entorno da Limia ofrece ás mulleres para que poidan resolver as súas necesidades básicas, desenrolarse de xeito individual no ámbito social, cultural e político, e acceder en igualdade de condicións ós recursos e dereitos sociais existentes.

Mellorar a calidade de vida das mulleres limiás e facelas partícipes da cobertura do estado de benestar, é un dos obxectivos dundamentais da sociedade limiá. Para elo, dende o Concello de Xinzo de Limia, lévase a cabo unha organización dos servizos e recursos existentes coa finalidade de cubrir as súas necesidades. No contexto definido polo marcado proceso de avellantamento poboacional que experimenta o Concello de Xinzo, un dos retos prioritarios é o mantemento e mellora da calidade de vida do conxunto dos cidadáns. A calidade de vida e benestar das mulleres limiás ten que ve coa seguridade económica e coa inclusión social que se asegura por medio de servizos e programas de apoio que se mantén e promoven dende o Concello de Xinzo: Programa de Funcionamento do CIM; Programas de Promoción da Igualdade; Programa de Asesoramento e Atención Psicolóxica; Programa de Asesoramento Xurídico e Laboral; Bolsa de Emprego; Programa Clara e outros Programas Formativos; sin embargo, aínda é necesario seguir medrando hacia a consecución dunha maior calidade de vida das mulleres, se facemos referencia a Limia, as desigualdades entre mulleres homes aínda son importantes, especialmente das mulleres que viven no medio rural.

Obxectivo 17:	Atender as necesidades e as demandas de prestacións sociais das mulleres.
----------------------	--

Actuacións:

1	Identificación dos aspectos diferenciais en función do sexo que interveñen nos procesos e situacións de pobreza e exclusión social.
2	Coordinación con outras administración e entidades para compartir as boas prácticas xeradas cos programas e actuacións levadas a cabo.
3	Mantemento e ampliación dos recursos municipais para atender as necesidades básicas das mulleres.
4	Realización de actividades de información e sensibilización dirixidas á poboación en xeral co fin de coñecer a realidade da situación das mulleres que sosteñen familias monoparentais ou que se atopan en risco de exclusión social.

5	Impulso de programas que melloren a calidade de vida e benestar das mulleres da Limia (bolsa de emprego, competencias clave, programa clara, programa de inserción laboral das mulleres vítimas de violencia, cursos formativos...), que contemplan a perspectiva de xénero.
6	Potenciación dos recursos e capacidades propias das mulleres da Limia, a través da promoción da súa presenza en actividades formativas e de desenrolo persoal.
7	Potenciación do asociacionismo feminino, coa finalidade de mellorar a calidade de vida e benestar das mulleres limiáns.

Obxectivo 18:	Promocionar a saúde integral e o benestar das mulleres da Limia ao longo do seu ciclo vital
----------------------	--

Actuacións:

1	Adeguar o servizo e programas de atención psicolóxica ás demandas e necesidades do seu ciclo vital.
2	Elaborar campañas informativas desde unha perspectiva de xénero, sobre educación para a saúde, dirixidas ás diferentes idades e grupos de poboación da Limia.
3	Establecer accións positivas no acceso ós diferentes sistemas de protección social das familias monoparentais en situación ou risco de exclusión social e/ou que sofren violencia de xénero.
4	Promover a realización de campañas e programas orientados a mellorar a saúde integral das mulleres da Limia.
5	Definir plans de actuación específicos con aqueles colectivos de mulleres susceptibles de ter por razóns sociais ou culturais, maior dificultade de acceso á saúde e ós servizos socio-sanitarios (mulleres xitanas, mulleres inmigrantes, mulleres do medio rural...).
6	Seguir mantendo dende o Concello, cursos e xornadas formativas sobre a prevención de riscos laborais, incidindo nos riscos de cada posto de traballo en mulleres e homes.

Poboación ou entidades destinatarias:

• Mulleres da Comarca da Limia. • Departamento de Educación Social do Concello de Xinzo. • Departamento Sanidade e Consumo do Concello de Xinzo. • Asociación de Mulleres da Comarca da Limia.

- Departamento de Medio Ambiente do Concello de Xinzo.
- Escola Rural de Saúde da Limia.

Departamentos implicados:

- Servizos Sociais do Concello de Xinzo.
- Centro de Información á Muller (CIM).
- Departamento de Sanidade e Consumo do Concello de Xinzo.
- Centro de Saúde.
- Departamento de Medio Ambiente do Concello de Xinzo.
- Escola Rural de Saúde da Limia.

Indicadores:

- Nº de cursos formativos dirixidos ás mulleres, relacionados coa saúde e calidade de vida.
- Nº e tipo de subvencións dirixidas á mellorar a saúde integral das mulleres e a súa calidade de vida.
- Proxectos desenvolvidos no ámbito da saúde e benestar.

7.6.- Mulleres con problemática específica.

A idiosincrasia particular do Concello de Xinzo de Limia, esixe ter en conta a situación específica das mulleres da Limia, no que o acceso ós recursos e ós servizos é máis limitado, especialmente para as mulleres, e máis tendo en conta se cabe, a avanzada idade de moitas mulleres ubicadas íntegramente no rural. Na elaboración dos obxectivos e accións que integran esta área, tivéronse en conta ademais, os colectivos de mulleres en risco de exclusión social (inmigrantes, xitanas, discapacitadas, prostitutas, mulleres maiores...). É importante o número de inmigrantes, fundamentalmente de procedencia magrebíe que escollen Xinzo como lugar de residencia, o que fai que teña especial relevancia á atención á situación de mulleres e nenas deste colectivo, a miúdo, en maior risco de desigualdade, exclusión ou violencia, e o mesmo sucede co colectivo de etnia xitana. Todas estas mulleres, pertencen a colectivos cunha problemática específica que “ sofren a dobre discriminación de ser mulleres e de pertencer a un grupo susceptible de marxinación, de intolerancia e en risco de exclusión social e laboral “. Preténdese dende esta Área, consolidar medidas asistenciais en coordinación co conxunto de servizos sociais; o obxectivo desta área é o de mellorar as condicións de vida e o acceso ós recursos destes colectivos, máis cando se trata de mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

Obxectivo 19:	Conseguir a plena integración social das mulleres inmigrantes, en condicións de igualdade na sociedade limiá.
----------------------	--

Actuacións:

1	Realizar campañas de sensibilización co fin de superar prexuízos estereotipos sobre a situación das mulleres inmigrantes.
2	Facilitar ás inmigrantes o acceso ás accións formativas, de orientación laboral e asesoramento para o emprego.
3	Colaborar técnicamente coas asociacións que teñen entre os seus obxectivos apoiar este colectivo de mulleres, co obxecto de incrementar os recursos de atención e cobertura das súas necesidades.
4	Desenrolar campañas de información dirixidas especificamente ás mulleres inmigrantes, que conteñan aspectos tales como dereitos, deberes, recursos e medidas de asistencia que as amparan.
5	Realizar accións formativas dirixidas ás mulleres inmigrantes coa finalidade de mellorar a súa formación socio-laboral.

6	Fomentar o desenvolvemento de roles e valores igualitarios entre a poboación inmigrante.

Obxectivo 20:	Conseguir a plena integración social das mulleres discapacitadas, en condicións de igualdade na sociedade limiá.
----------------------	---

Actuacións:

1	Realizar campañas de sensibilización que promovan unha imaxe normalizadora e integradora das mulleres con discapacidade.
2	Elaborar e difundir material divulgativo sobre as medidas de asistencia e atención para a muller discapacitada no Concello de Xinzo, incorporando sistemas de comunicación alternativos.
3	Colaborar técnicaamente coas asociacións que teñen entre os seus obxectivos apoiar este colectivo de mulleres, co obxecto de incrementar os recursos de atención e cobertura das súas necesidades.
4	Introducir a variable discapacidade nas actividades formativas cofinanciadas pola Secretaría Xeral de Igualdade, co fin de mellorar a atención dos/as profesionais; así como o acceso ós recursos por parte deste colectivo de mulleres.

Obxectivo 21:	Conseguir a plena integración social das mulleres de etnia xitana, en condicións de igualdade na sociedade limiá.
----------------------	--

Actuacións:

1	Realizar campañas de sensibilización que promovan unha imaxe normalizadora e integradora das mulleres de etnia xitana.
2	Fomentar a formación e inserción laboral das mulleres de etnia xitana de acordo ás súas necesidades e problemática específica.
3	Colaborar técnicaamente coas asociacións que teñen entre os seus obxectivos apoiar este colectivo de mulleres, co obxecto de incrementar os recursos de atención e cobertura das súas necesidades.

Obxectivo 22:	Mellorar as condicións de vida das mulleres maiores, favorecendo o seu benestar.
----------------------	---

Actuacións:

1	Difundir e realizar campañas de información sobre saúde, sexualidade, ocio, coidado... , específicas para mulleres maiores.
2	Colaborar tecnicamente coas asociacións que teñen entre os seus obxectivos apoiar este colectivo de mulleres, co obxecto de incrementar os recursos de atención e cobertura das súas necesidades.

Poboación ou entidades destinatarias:

- Mulleres da Comarca da Limia con problemática específica (inmigrantes, xitanas, discapacitadas, maiores ...).
- Departamento de Educación Social do Concello de Xinzo.
- Departamento Sanidade e Consumo do Concello de Xinzo.
- Asociación da Comarca da Limia.
- Escola Rural de Saúde da Limia.

Departamentos implicados:

- Servizos Sociais do Concello de Xinzo.
- Centro de Información á Muller (CIM).
- Departamento de Sanidade e Consumo do Concello de Xinzo.
- Departamento de Educación Social do Concello de Xinzo.
- Escola Rural de Saúde da Limia.

Indicadores:

- Nº de accións formativas dirixidas á grupos de mulleres con problemática específica.
- Nº e tipo de subvencións dirixidas á mellorar a atención e acceso ós recursos das mulleres con problemáticas específicas.
- Nº e tipo de colaboración coas asociacións que apoian os colectivos de mulleres con problemática específica.

7.7.- Abordaxe Integral da Violencia de Xénero.

A situación máis extrema de desigualdade en relación entre sexos, ten a súa máis evidente manifestación na violencia que se exerce contra as mulleres. O fenómeno da violencia hacia as mulleres é unha lacra da nosa sociedade que aínda non se visibilizou na súa totalidade, aunque a evolución do aumento das denuncias evidencia a tendencia das mulleres que a sofren a porlle fin á mesma. Entre as causas fundamentais polas que se pensa que unha muller soporta unha situación de maltrato atópanse a dependencia económica, o medo a represalias, a dependencia emocional e a presión familiar e/ou social.

A Violencia contra as mulleres xerou nos últimos tempos, polo seu alcance e gravidade, un proceso de toma de conciencia social, que levou a recoñecela como un grave problema social, e polo tanto, unha cuestión pública, pódose de manifesto que as causas están claramente vinculadas á estrutura de poder patriarcal, onde as mulleres ven ameazadas a súa vida polo simple feito de selo.

A Comarca da Limia, ven rexistrando ao longo dos últimos anos, un número de denuncias considerable por malos tratos producidos pola parella ou a exparella. Dada a magnitude desta problemática, tanto a nivel autonómico como estatal aprobáronse un conxunto de textos legais co obxectivo de dar unha resposta axeitada, mediante o desenrolo de medidas destinadas á creación dun sistema integral de prevención e protección das mulleres contra a violencia de xénero, a fin de erradicala.

É precisamente no marco da consecución dun dos obxectivos marcados neste Plan, referido á “Consolidación de estruturas de coordinación e sistemas de control da eficacia das actuacións”, no que se encaixa a elaboración e posta en marcha do “**PROTOCOLO DE ACTUACIÓN MUNICIPAL PARA A ATENCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA**”, que convoca a todos os servizos destinados á asistencia social integral, a actuar coordinadamente e en colaboración cos Corpos de Seguridade, os Xuizes de Violencia sobre a Muller, os Servizos Sanitarios e as Institucións encargadas de prestar asistencia xurídica ás vítimas, do ámbito xeográfico correspondente. Os organismos e institucións públicas deben ser o motor para que os cambios, que as leis, en orde á igualdade e á erradicación da violencia de xénero, sexan unha realidade. Ten unha responsabilidade especial en orde a previr, denunciar e condenar as condutas violentas e discriminatorias, así como a obriga de adoptar medidas firmes que permitan un despliegue ordenado e eficaz de estratexias dirixidas á prevención e erradicación desta lacra social que vulnera os dereitos fundamentais das mulleres.

Confiamos en que este traballo sirva para mellorar a comunicación e colaboración entre as institucións implicadas, que sente as bases para afondar nas xa existentes e permita continuar deseñando estratexias dirixidas a optimizar os esforzos e/ou desenrolar novas actuacións que, incontestablemente, suporán, como resultado do traballo conxunto, unha maior eficiencia e eficacia na resposta institucional contra a violencia de xénero. Así formúlanse diferentes medidas de acción nesta área, que responden tanto a plantexamentos de prevención como de atención e intervención con mulleres vítimas de violencia. Dentro da líña preventiva, establécense accións dirixidas a sensibilizar á sociedade sobre este grave problema social e no apoio á atención das vítimas, na necesidade de contar con recursos adecuados ás circunstancias especiais das diferentes mulleres, tamén se terán en conta a violencia que se exerce especificamente contra as mulleres con maior vulnerabilidade como son as discapacitadas, inmigrantes e as de etnia xitana.

Obxectivo 23:	Sensibilizar e concienciar sobre o problema que representa a violencia de xénero para o conxunto da sociedade da Limia.
----------------------	--

Actuacións:

1	Realizar campañas de información e sensibilización sobre o problema que representa a violencia de xénero.
2	Seguir mantendo a liña de información, prevención e apoio para situación de violencia de xénero, en todos os ámbitos (social, laboral e familiar).
3	Apoiar dende o Concello as campañas de prevención que neste sentido se leven a cabo nas asociacións de mulleres ou no tecido asociativo en xeral no municipio.
4	Difusión de novos materiais de sensibilización da violencia contra as mulleres, para a súa distribución a nivel educativo.
5	Propor a utilización non sexista das imaxes e contidos dos materiais publicitarios, das publicacións, e cantas actividades proxecte o Concello de Xinzo, impulsando modelos positivos de mulleres que representen ruptura de estereotipos e mensaxes contra as condutas violentas.

Obxectivo 24:	Intervir de forma integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, cos seus fillos e fillas e persoas delas dependentes.
----------------------	---

Actuacións:

1	Por en marcha o Protocolo de Actuación Municipal para a Atención ás Vítimas de Violencia de Xénero na Comarca da Limia.
2	Seguir habilitando unha habitación para as mulleres vítimas de violencia, que durante o maltrato, por temor e medo ó agresor non queira voltar o domicilio conxugal, ata que dende os Servizos Sociais a súa situación persoal se resolva.
3	Consolidar a Comisión-Xunta de Seguridade Local para a Mellora da Atención ás Vítimas de Violencia de Xénero.
4	Unificar os sistemas de detección e intervención coas mulleres vítimas de violencia de xénero dende os Servizos Sociais Comunitarios.
5	Seguir apostando no Concello polo Programa de Inserción Laboral das Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero como ferramenta útil de empregabilidade deste colectivo.
6	Realizar programas formativos dirixidos á mulleres en risco de exclusión, nos que participen vítimas de violencia e maltrato.

Obxectivo 25:	Crear estruturas de coordinación entre os profesionais e axentes implicados coa violencia de xénero.
----------------------	---

Actuacións:

1	Constitución dun grupo de traballo focalizado na análise, seguimento e avaliación dos recursos e programas existentes para combater a violencia de xénero e na elaboración de propostas de mellora.
2	Creación dun foro de debate e reflexión entre as distintas administracións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero para fomentar o intercambio de información e boas prácticas na intervención neste área, coa participación de profesionais expertos/as de referencia e forzas e corpos de seguridade.

Obxectivo 26:	Apoiar e reforzar a atención ás mulleres vítimas de violencia de xenero mediante a coordinación e cooperación cos organismos implicados.
----------------------	---

Actuacións:

1	Formación ós profesionais de servizos sociais, de sanidade, de educación, de atención ó público, da Policía Local, na aplicación dos protocolos de detección, coordinación e atención ás mulleres vítimas de violencia.
2	Reforzamento do papel do Centro de Información á Muller como Unidade de coordinación especializada e de asesoramento ás vítimas de violencia de xénero.
3	Adecuación dos recursos e servizos de atención existentes para atender e acoller ás vítimas poñendo en marcha o protocolo de actuación municipal coordinado para atención ás vítimas de violencia de xénero.
4	Ampliar a información dos dereitos e recursos que teñen as mulleres vítimas de violencia, dispoñibles desde todos os servizos públicos, adecuando a información ás diferentes necesidades das mulleres (inmigrantes, xitanas, maiores, discapacitadas, rurais...).
5	Potenciar o empoderamento das mulleres mediante rehabilitación integral para elas e para as súas fillas/os, (apoio psicolóxico, acompañamento social, iniciativas laborais, axudas económicas, programas de inserción laboral...) para acadar a súa autonomía persoal.

7.7.1.- Ámbito de Intervención Municipal dos Servizos Sociais Comunitarios coas vítimas de violencia de xénero.

A **Lei Galega 11/2007, do 27 de xullo, para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero** é o texto lexislativo no que establecen as *“medidas conducentes á coordinación e planificación dos recursos necesarios a través dunha correcta rede que integre medidas de información, de recuperación psicolóxica, de apoio económico, de inserción laboral e de acceso á vivenda”*, tal e como se recolle na disposición xeral VII da propia lei. Esta lei no seu **Título Preliminar** as medidas integrais dirixidas à prevención e atención, protección e asistencia das vítimas de violencia de xénero; e protección dos/das menores que se atopan no medio familiar, tanto para a adopción de tutela dos seus dereitos como de medidas de atención e protección. E no **Título II** da devandita lei *“Protección e asistencia fronte á violencia de xénero”*, regula ás accións dos poderes públicos e dos/das profesionais encargados/as da protección e asistencia ás vítimas, garantindo para iso: asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica integral para mulleres que sofren violencia; dispositivos de alarma e programas de reeducación; achegamento de recursos para o afastamento efectivo do agresor, salario da liberdade e proceso abreviado para a obtención de RISGA, axudas escolares para fillos e fillas, accións en materia de acceso á vivenda, programas de cooperación para inserción laboral das mulleres vítimas de violencia e maltrato.

O/ a profesional de Servizos Sociais, tomará a iniciativa para propor solucións útiles de urxencia e proporcionarlle unha información clara e concisa, escrita se é posible, sobre os recursos existentes, os trámites que debe realizar e a documentación necesaria para cada un dos trámites.

Compre lembrar que, segundo a Lei de axuízamento criminal, as mulleres que sofren violencia de xénero teñen os seguintes dereitos:

- *Dereito a mostrarse parte no proceso mediante o nomeamento de avogado/a e procurador/a ou, no seu caso, que lle sexa nomeado/a a un/unha de oficio para executar as accións civís e penais que procedan. Informáraselle de que, en caso de non emprender medidas por iniciativa propia, será o Ministerio Fiscal que as emprenderá.*
- *Dereito a renunciar á restitución da cousa, ou reparación do dano.*
- *Dereito a solicitar, no prazo dun ano dende a data do feito delituoso, as axudas públicas existentes, como vítima dun delito de agresión sexual, lesións, ameazas ou detención ilegal, tal e como se recolle na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.*
- *Segundo o Código Civil cando existan actos violentos exercidos sobre a muller ou fillos/as constitúese causa legal de separación, ademais de non incumprir o deber e convivencia cando abandone o domicilio por unha causa razoable e presente demanda de separación nun prazo de 30 días (art. 105 do Código Civil).*

- *Se ten intención de interpor demanda de separación pode solicitar que se adopten xudicialmente, e antes de interpor a dita demanda, as medidas provisionais previas previstas no Código Civil (art. 102 e 103), que procederá solicitar no xulgado sen necesidade de avogado/a, aínda que despois lle sexa necesario para emprender medidas legais. Estas medidas son: cesamento dos cónxuxes de vivir xuntos e que se determine cal dos dous residirá no fogar, así como a decisión sobre a custodia dos/das fillos/as e pensión de manutención. Estas medidas quedarán sen efecto aos 30 días se non se interpón demanda de separación.*
- *A recibir asesoramento adecuado a súa situación persoal, tanto a través dos servizos sociais e centros públicos especializados nesta materia, como desde o servizos de ámbito sanitario, xurídico e policial, para elo o Concello de Xinzo conta cuns servizos sociais de atención primaria e un Centro de Información ás Mulleres (CIM).*
- *A recibir apoio e asistencia social integral, xunto cos menores dela dependentes, mediante a intervención multidisciplinar nas áreas social, xurídica, psicolóxica, educativa e laboral, a través dos centros e servizos de atención e acollida temporal.*
- *A percibir asesoramento xurídico e asistencia xurídica gratuita, no suposto de insuficiencia económica, para elo o CIM da Limia, dispón de servizo de asesoramento xurídico e atención psicolóxica gratuito.*
- *A prestacións sociais e axudas económicas, especialmente fronte a situacións de emerxencia social derivadas ou relacionadas co feito de sufrir violencia de xénero e ante a carencia de medios económicos suficientes para facer fronte a necesidades básicas: **Indeminización de pagamento único** do Artigo 43º da Lei 11/2007 para vítimas de violencia de xénero; **prestacións periódicas** de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero; axudas e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero; **atención psicolóxica especializada** á mulleres vítimas de violencia (convenio co Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia); **asistencia xurídica especializada** para mulleres vítimas de violencia doméstica (convenio co Colexio Oficial de Avogados de Galicia), estes recursos son tramitados polo Centro de Información ás Mulleres da Limia, e resolve a Secretaría Xeral de Igualdade (Consellería de Presidencia) e o Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia. **Programa de fomento de inserción laboral** das mulleres vítimas de violencia. Este programa tramítase a través do Centro de Información ás Mulleres e da Axencia de Emprego Local do Concello de Xinzo, e resolve a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. **Renda de Integración Social de Galicia (RISGA); Axudas Económicas referidas a Emerxencia Social**, estas axudas tramítanse nos Servizos Sociais de Atención Primaria e resólvese no Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. **Renta Activa de Inserción (RAI)**, esta axuda tramítase nos Servizos Sociais de Atención Primaria ou no CIM e resólvese no INEM. **Reparto de Alimentos de Primeira Necesidade**, esta axúdase tramítase e resólvese nos Servizos Sociais de Atención Primaria a través do Banco de Alimentos.*

- *A ter prioridade no acceso ás vivendas públicas de protección oficial, que se tramita nos Servizos Sociais de Atención Primaria.*

7.7.1.1.- Atención á muller vítimas de violencia ou maltrato.

Ante os casos de violencia de xénero, os e as profesionais dos ámbitos integrados neste protocolo, deberán informar da conveniencia de acudir ós centros e servizos de atención, información e asesoramento especializado para mulleres vítimas de violencia de xénero dispoñibles no Concello, neste caso o Centro de Información ás Mulleres da Limia, ou os Servizos Sociais de Atención Primaria.

Os/as profesionais dos servizos sociais, seguirán as seguintes liñas de actuación:

- *Facilitaráselle á vítima os recursos integrais de atención ás mulleres vítimas de violencia, proporcionando medidas urxentes que resolvan os seus problemas inmediatos.*
- *Asegurarlle á vítima de violencia de xénero poder dispor de asesoramento especializado a nivel psicolóxico, social, laboral e xurídico.*
- *Informar da conveniencia de acudir ós centros e servizos de atención, información e asesoramento especializado para mulleres vítimas de violencia de xénero dispoñibles no concello de Xinzo o na Provincia; para garantir este extremo, facilitaránselles á muller os teléfonos e enderezos onde se localizan estes recursos, ou según proceda, xestionarase telefónicamente a derivación e/ou solicitude de cita previa.*

A atención á muller vítima de violencia de xénero ou maltrato, pódese dar en tres situacións:

1.– Actuacións no caso de que aínda resida no ámbito familiar.

Se a vítima reside no mesmo domicilio que o agresor e ten decidido romper a convivencia, pódese axudar coas seguintes recomendacións:

- *Axudaráselle a planificar a saída do fogar no momento idóneo, indicándolle a documentación que lle será necesaria neste momento (DNI-Pasaporte, libro de familia, partidas de nacemento, documento sanitario, contrato de traballo, permiso de traballo, expedientes académicos, cartilla de aforro/tarxetas, copia da escritura ou contrato de arrendamento do domicilio conxugal...).*
- *Axudaráselle a atopar un espazo provisional de residencia: casas de acollida, casa dun familiar ou amigo/a da que o agresor descoñeza o enderezo e dar parte á policía do lugar de residencia.*
- *Por á muller en contacto cun/cunha avogado/a, a poder ser especializado/a en causas de violencia de xénero.*

- *Axudaráselle a expor a situación ás fillas e fillos, dándolle información precisa sobre persoas de contacto en caso de emerxencia, para que sexa o/a menor que busque axuda en caso de necesidade.*
- *Derivación de recursos existentes en Galicia de asesoramento terapéutico, xurídico e programas familiares ou calquera outro recurso.*
- *Poñer en contacto coas forzas de seguridade (policía local ou garda civil).*

2.– Actuacións unha vez abandonado o espazo familiar.

Se a vítima abandonou o domicilio familiar, teranse en conta as seguintes recomendacións:

- *Informar sobre os artigos 108 e 109 da LECRIM.*
- *Asegurarse do cumprimento dos trámites xudiciais, sanitarios..., por parte da muller.*
- *Cubrir as necesidades económicas e de aloxamento inmediato tanto da muller como de todos os/as acompañantes da unidade familiar.*
- *Adoptar medidas de protección e seguridade necesarias.*
- *Informar dos comportamentos básicos que se deben realizar no primeiro período de separación.*
- *Derivala a un servizo de atención psicolóxica onde se poida orientar e asesorar (Unidade de Atención Psicolóxica do CIM da Limia ou chamando o teléfono da muller 900 400 273 ou o Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia 629 777 595).*

3.- Atención de Emerxencia ás Mulleres Vítimas de Violencia.

Ante unha situación de emerxencia na que poidera atoparse unha muller, por sufrir unha agresión (física, psicolóxica ou sexual...), ou estar nunha situación de risco inminente de sufrila. O/A profesional, tras efectuar a súa intervención en cumprimento das funcións que lle correspondan, chamará, se procede o teléfono de emerxencia 016 ou 112, pondo no caso para que desde a Sala Operativa se activen os recursos oportunos según as circunstancias (sanitarios, policiais e sociais fundamentalmente). Unha vez recibida a alerta, trasladarase a información ó Teléfono de Atención á Muller 24 horas do Servizo Galego de Igualdade, este teléfono unha vez activado coordínase con calquera punto da Comunidade Autónoma (concellos, xulgados, policía, garda civil...), e os/as axentes desprazaranse ó lugar onde se atope a muller, co fin de proceder á valoración, in situ do caso, respecto á situación de violencia de xénero. O/A axente correspondente acompañará a vítima, previo consentimento expreso desta, no proceso de por en coñecemento da autoridade

competente a situación de violencia de xénero e risco da mesma, interposición da denuncia, solicitudes de medida de protección no ámbito xudicial, recoñecemento médico, e demais xestións que se estimen oportunas e necesarias de atención inmediata.

Ante esta situación de emerxencia os servizos sociais actuarán:

- *Informando á muller sobre os dereitos que lle asisten, ofrecéndolle orientación e asesoramento nos pasos a seguir.*
- *Farase unha valoración inicial da situación, para establecer o plan de intervención de maneira consensuada coa muller.*
- *Se fose preciso, xestionarase o aloxamento inmediato, en réxime de acollida temporal da muller e persoas que dela dependan, como medida de protección.*
- *Desde o Dispositivo procederase a derivación e conexión da muller co resto de servizos e centros especializados, que en cada caso se estimen oportunos.*

No caso de que a muller presente lesións deberá acompañarse ao Centro Médico máis próximo solicitando previamente a presenza policial. Compre lembrarlle que non debe cambiar a roupa nin lavarse. No caso de agresión bucal, ademais, non deberá inxerir ningún alimento nin beber líquidos. É de vital importancia recordarlle á vítima que debe solicitar copia do informe emitido polo centro de saúde.

A primeira entrevista terá como obxectivo prestar apoio á muller e informala sobre os recursos existentes. Deberá poñerse en coñecemento da autoridade xudicial os feitos e informala sobre os seus dereitos e posibles trámites e procedementos xudiciais que haxa que emprender.

En primeiro lugar, é necesario informar á muller da posibilidade de presentar unha denuncia que poderá facer efectiva nos seguintes lugares:

- *Comandancia da Garda Civil.*
- *Xulgado de Garda.*
- *Comisaría de policía, se é posible no servizo de atención á muller ou atención á familia.*
- *Policía Local, cando non sexa posible presentala en ningún dos organismos anteriores ou se atope ante unha situación urxente.*

Se a denuncia se presenta ante a Policía ou Garda Civil poderase tramitar polo denominado “**xuizo rápido**”.

Débeselles recordar ás mulleres que sofren violencia de xénero que no caso de que os seus ingresos non superen o dobre do salario mínimo interprofesional teñen dereito á asistencia xurídica gratuíta, o que sería favorable á hora de presentar a denuncia, xa que as

asesorarían previamente, ademais de asumir a súa defensa e representación gratuita en todos os procedementos.

Para optar á asistencia xurídica gratuita hai que realizar a solicitude no colexio de avogados/as, onde se lles facilitará o modelo oficial de solicitude. Ao realizar a denuncia pódese solicitar a orde de protección.

Aspectos a ter en conta na orde de Protección:

1. **Solicitude:** a solicitude pode ser presentada por persoas que garden parentesco coas vítimas; ou por entidades ou organismos asistenciais públicos ou privados. Se os feitos son constituíntes de falta permítese a celebración dun xuízo rápido. Se os feitos constitúen un delito convocarase a audiencia para resolver a solicitude mediante a comparecencia da muller e o agresor.
2. **Lugar de Presentación:** Comisaría da policía, posto da garda civil, xulgado, servizos sociais, institucións asistenciais dependentes das administracións públicas. En todos os casos, unha vez recibida será remitida ao xulgado de garda acompañada do atestado elaborado pola policía xudicial, podendo darse dúas circunstancias.
3. **Adopción da Orde:** toda solicitude estará ligada a un concreto proceso pena e só un deles. Segundo o estado procesual pode ocorrer: se non existe proceso penal aberto sobre os feitos non se fundamenta a solicitude: O/a xuíz acordará, se procede, a incoación do proceso penal por delito ou falta; Cando exista proceso penal aberto o/a xuíz a poderá resolver sobre a orde de protección; O xulgado de instrución poderá intervir en funcións de garda cando exista razón de urxencia.
4. **Notificación e execución:** 1.) Medidas penais e de seguridade: o/a xuíz/a, en función da gravidade dos feitos e necesidade de protección, pode adoptar algunhas medidas cuatrelares como prisión provisional, prohibición de aproximación e comunicación, retirada de armas, omisión de datos identificativos do domicilio, prohibición de que o agresor resida nun determinado lugar, prohibición de aproximación do agresor á vítima, protección xudicial da vítima nas oficinas xudiciais. A parte dispositiva do auto recollerá unha descrición detallada das medidas adoptadas. 2.) Medidas civís: deben ser solicitadas pola vítima ou representante na solicitude da orde de protección en caso de non ter fillos/as menores. No caso de ter fillos/as, o Ministerio Fiscal poderá pedir que se soliciten estas medidas aínda que non fosen acordadas anteriormente na solicitude. Estas medidas son de carácter provisional e teñen unha vixencia temporal de 30 días. Dentro deste prazo, en caso de presentar unha demanda de separación, as medidas permanecerán vixentes por un período de 30 días máis. As medidas que se adoptarán neste caso son: uso da vivenda familiar, garda e custodia dos fillos/as menores, suspensión do réxime de comunicación e visitas do pai aos fillos e fillas, fixación dunha prestación de alimentos, calquera outra medida necesaria para afasta o/a menor do perigo.

Valoración e Derivación.

A intervención das/dos profesionais dos servizos sociais ten por obxecto apoiar á muller, informala sobre os dereitos que a asisten e propoñer alternativas para rematar coa situación de malos tratos, creando deste xeito novas oportunidades e romper co ciclo de violencia ao que se ve sometida. Para que estes obxectivos sexan cumpridos, en moitos casos os/as profesionais dos servizos sociais de base vense na obriga de realizar unha valoración e posterior derivación do caso aos servizos sociais especializados coa finalidade de proporcionarlle á vítima alternativas de aloxamento e un servizo de carácter individualizado.

Débese pois, realizar unha distinción das tarefas encomendadas para a atención ás vítimas de violencia de xénero por parte dos servizos sociais.

Tarefas a realizar nos casos de mantemento:

- *Informar, valorar e orientar as mulleres que sofren violencia de xénero en canto aos recursos existentes.*
- *Desenvolver programas de intervención para proporcionar recursos e medios que faciliten a integración social da muller.*
- *Xestionar a tramitación das axudas que correspondan.*
- *Derivar a muller aos Servizos Sociais especializados cando a situación persoal desta así o requira.*

Para que a valoración e derivación sexan efectivas débese ter en conta:

- *Os medios de que dispón a muller vítima de violencia, formación académica, habilidades...*
- *Apoio do contorno: familia, amigos/as, compañeiros de traballo...*
- *Servizos, programas e prestacións dispoñibles e compatibles coa situación.*

Para realizar unha derivación correcta é fundamental:

- *Coñecer os recursos especializados dispoñibles.*
- *Informar á muller no proceso de derivación, contando previamente coa súa aprobación para que sexa consensuada.*
- *Coordinarase co recurso ao que se pretende derivar.*
- *Realizar un seguimento do proceso.*

O obxecto da intervención da técnica ou técnico en Servizos Sociais debe ser a de:

- **Informar:** o obxecto é resolver as carencias de información sobre os dereitos que as asisten, recursos dispoñibles..., de xeito que poidan tomar unha decisión axeitada.
- **Clarificar-Apoiar:** analizar os distintos aspectos da situación, ademais de afirmar a autoconfianza da muller.
- **Persuadir:** o obxecto é modificar a situación da vítima de malos tratos. Consiste en confrontar a muller coas consecuencias dos seus argumentos e actos.
- **Poñer en relación:** crear novas oportunidades, permitir o seu acceso a novas experiencias que lle produzan satisfacción.

Seguimento da Evolución da vítima.

O seguimento da muller vítima de violencia ou maltrato, pode ser:

- **Intensivo:** como mínimo realizarase unha entrevista por semana coa muller. Realizarase este tipo de seguimento en situacións de crise, necesidade de tratamento urxente.
- **Semi-intensivo:** función de seguimento unha vez ao mes. Adoita realizarse con mulleres que, pasado o seguimento intensivo, necesitan establecer contacto co/coa profesional para manter os obxectivos acadados e como medio de prevención.
- **Mantemento:** superados os períodos anteriores pasaríase a este último en que as entrevistas terían lugar cada dous meses aproximadamente.

7.7.1.2.- Atención á mulleres con discapacidade que sofren violencia de xénero.

Débese considerar que ademais das barreiras de carácter arquitectónico, de comunicación e doutros tipos, en moitos casos a muller que presenta algún tipo de discapacidade é maltratada pola propia persoa da que depende para desenvolver actividades da vida diaria, polo que se debe facer fincapé no dereito de información recollido na **Lei 1/2004**: “*articularanse os medios necesarios para que as mulleres vítimas de violencia de xénero que polas súas circunstancias persoais e sociais poidan ter maior dificultade para o acceso integral á información, teñan garantido o exercicio efectivo deste dereito*”.

Para romper coa dinámica de maltrato exercida pola persoa que convive coa muller resulta importante ter en consideración o **artigo 46 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no que se di:** “*as mulleres maiores e as mulleres afectadas de diversidade funcional que sufran violencia de xénero, así como as persoas delas dependentes, consideraranse colectivos preferentes para acceder aos*

equipamentos sociais especializados, nomeadamente residencias para persoas maiores e centros de día “. Débese ter en conta que as mulleres con dificultades de aprendizaxe constitúen un colectivo especialmente exposto a sufrir agresións, xa que en moitos casos non tiveron acceso á educación sexual, polo que descoñecen os seus dereitos sexuais ou como poden protexerse. Resulta imprescindible, por tanto, a adaptación dos recursos ás mulleres con discapacidade de xeito que garantan a correcta información e asesoramento da muller vítima de violencia de xénero.

7.7.1.3.- Atención á mulleres inmigrantes que sofren violencia de xénero.

Segundo o artigo 114 da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre os dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificada pola Lei Orgánica 8/2000, do 22 de decembro, “ as persoas estranxeiras, calquera que sexa a súa situación administrativa, teñen dereito aos servizos e prestacións sociais básicas e, se son residentes, a acceder ás prestacións e servizos da seguridade social e aos servizos e prestacións sociais “.

As mulleres inmigrantes teñen un dobre risco de sufrir violencia de xénero, por ser mulleres estranxeiras . Por este motivo débese presentar unha atención especial a este colectivo.

En primeiro lugar, débese destacar que, con independencia da nacionalidade ou da situación administrativa, posesión ou non do permiso de residencia, poden acudir nas mesmas condicións que o resto das mulleres aos procedementos tanto penais como civís. Débense ter en conta algún aspectos:

- *Terá dereito a presentar denuncia polas agresións aínda que non posúa permiso de residencia, así como intervir no procedemento penal con avogado/a e procurador/a presentándose como acusación particular.*
- *Dereito á solicitude da orde de protección que garanta a seguridade da muller e fillos/fillas.*
- *No procedemento civil deberá iniciar un procedemento de separación se está casada.*
- *No caso de non estar casada deberá tramitar un procedemento de garda e custodia e alimentos se os fillos e fillas residen en España.*
- *Dereito á asistencia xurídica gratuíta nas mesmas condicións que as mulleres españolas. Este dereito supón a posibilidade de obter a designación de avogado/a e procurador/a a da quenda de oficio especial, sen custo, sempre e cando se presente documentación necesaria. En caso de non cumprir os requisitos teña que abonar os honorarios do avogado/a e procurador/a.*

- *A resolución do Parlamento Europeo do 11 de xuño de 1986, sobre as agresións á muller reitera a necesidade do dereito individual ao permiso de residencia, xa que no caso do permiso de reagrupación familiar, a muller depende do seu esposo ou pai. En caso de denuncia a vítima debe saber que non perderá este permiso, e poder obter un permiso independente cando o motivo de separación sexan os malos tratos e o xulgado lle conceda a orde de protección.*

Tamén se pode solicitar o permiso de residencia independente cando teña unha oferta de traballo e obteña autorización para traballar, ou cando leve cinco anos residindo en España.

O Centro de Información ás Mulleres da Limia, os Servizos Sociais de Atención Primaria, a Oficina de Inmigración e Minorías Étnicas do Concello de Xinzo, deben informar ás mulleres vítimas de violencia e maltrato sobre os recursos sociais, dereitos básicos e servizos especializados dos que dispón o Concello para o tratamento integral da violencia de xénero.

7.7.1.4.- Actuacións de coordinación co Sistema Social para a prevención e erradicación da violencia de xénero a través dos recursos que integran a Rede Galega de Servizos e Centros de Atención ás Mulleres Vítimas de Violencia.

Na Comunidade Autónoma de Galicia dispónse dunha Rede de Servizos e Centros Públicos, de ámbito rexional e municipal para a atención de mulleres vítimas de violencia de xénero. Os servizos que integran a Rede, en función da natureza e tipoloxía dos servizos que en cada un deles préstanse e clasifícanse en:

- *Servizos de Atención Inmediata (disponibles en toda a comunidade).*
- *Teléfono de Urgencias 24 horas. Teléfono Gratuito de Información 24 horas para as mulleres vítimas de violencia. Ambos están dispoñibles as 24 horas do día, todos os días do ano. Colaboran cos recursos de urxencia e emerxencia cuxa actuación sexa necesaria, ao tempo que se coordinarán co resto de recursos sociais e outros que deban intervir coa finalidade de dar unha resposta inmediata, áxil e eficaz.*
- *Servizos de atención, información, asesoramento e integración integral (dispoñibles nas delegacións territoriais, nos Concellos, asociacións de mulleres...).*
- *Servizos e/ou Centros de Información, Orientación e Asesoramento, ubicados no Concello de Xinzo. Son servizos de carácter multidisciplinar destinados a atender, informar e asesorar nas áreas, social, xurídica, psicolóxica, laboral, educativa...; así como realizar, no seu caso, unha intervención integral coas mulleres ante situacións de violencia de xénero; realizando o correspondente seguimento, e poñer en contacto ás vítimas cos demais servizos necesarios na redución das vítimas adicionais e secundarias. Estes centros de asistencia ás vítimas de xeito proactivo toman a iniciativa de contactar coa vítima, anticipándose as súas posibles*

necesidades: recursos de acollida temporal, casas de acollida, pisos tutelados; son recursos destinados a prestar acollida temporal ás mulleres, xunto cos e coas menores que estén o seu cargo, que se atopen expostas a unha situación de perigo certo para a súa vida ou integridade como consecuencia da violencia de xénero.

No marco do Sistema de Servizos Sociais fronte a situacións de violencia de xénero, os recursos sociais especializados na atención á mulleres vítimas de violencia, anteriormente relacionados, deberán:

- *Informar ás mulleres vítimas, ou personas en situacións de risco, dos seus dereitos para a defensa, protección, asistencia, e reintegración social.*
- *Prestar asesoramento legal, facilitar asistencia sanitaria, física, psíquica e psicolóxica, garratíndolla ás mulleres vítimas, e persoas delas dependentes.*
- *Prestar acollemento ás mulleres vítimas, e persoas delas dependentes, cando carezan de medios propios, ou cando exista risco razoable de sufrir novas situacións de violencia de xénero no seu entorno.*
- *Denunciar ante as autoridades competentes as situacións de violencia de xénero de que tiveran coñecemento, previa conformidade da vítima.*
- *Colaborar coas autoridades competentes na adopción de medidas asistenciais que teñan por obxecto a protección da vítima ante futuras situacións de violencia de xénero, ou a aportación de medios probatorios relacionados coa comisión de actos de violencia.*
- *Procurar unha asistencia social integral.*

Para a coordinación entre os recursos dos diferentes ámbitos de actuación contemplados neste Protocolo e os servizos sociais especializados na atención a mulleres que sofren de violencia de xénero, como norma xeral, terase en conta o seguinte:

- *Todos facilitarán a colaboración e coordinación cos servizos sociais especializados, especialmente os recursos de ámbito sanitario, policial e xudicial, comprometéndose a colaborar na difusión dos mesmos para o que terán en lugares asequibles e de xeito visible, os carteis, folletos, trípticos, guías..., e demais instrumentos de carácter divulgativo destinados a este fin, e que previamente fosen facilitados pola Subdelegación do Goberno, Secretaría Xeral de Igualdade, Servizo Galego de Igualdade, Centro de Información á Muller, ou os propios Servizos Sociais Especializados, quenes se responsabilizarán da súa permanente actualización.*
- *Cando calquer profesional dos ámbitos integrados neste Protocolo, tivera que, pola súa actividade laboral, intervir na atención a unha muller vítima de violencia de xénero, deberá promover e facilitar o encauzamento do caso hacia os recursos da Rede Galega de Servizos e Centros de Atención a Mulleres e Servizos Sociais.*

Protección de Datos: Cando sexa necesario para garantir a protección da vida ou integridade física da muller e dos seus familiares, poderá solicitarse o segredo arredor dos datos relativos a súa localización. Polo tanto debe terse en conta que a 'Lei Orgánica 15/1999 de **13 de decembro** de Protección de Datos de Carácter Personal, (LOPD), é unha **Lei Orgánica** que ten por obxecto garantir e protexer, no que concerne ó tratamento dos datos persoais, as liberdades públicas e os **dereitos fundamentais** das persoas físicas, e especialmente do seu **honor, intimidade e privacidade** persoal e familiar.

O seu obxectivo principal é regular o tratamento dos datos e ficheiros, de carácter persoal, independente do soporte no que se traten, os dereitos dos cidadáns sobre eles e as obrigacións daqueles que os crean ou tratan. Polo tanto, debe terse tamén en conta que a Lei Orgánica 19/94, de 23 de decembro de Protección de Testemuñas e Peritos en causas criminais, debe aplicarse cando a muller vítima de violencia de xénero estea ameazada ou resida nun centro de acollida temporal como consecuencia da violencia de xénero.


7.7.1.5.- Organigrama de intervención dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais coa Vítima de Violencia de Xénero.

No suposto de que a vítima acuda ós servizos sociais de atención primaria, ou o Centro de Información á muller, será atendida por carácter de urxencia polo psicólogo/a e avogado/a, nesta orde. Seguidamente requiriranse os servizos da Policía Local ou Corpo da Garda Civil, a fin de acompañar á vítima ó servizo médico de urxencia así coma a comisaría.


Tanto se a vítima ingresa nalgúns dos recursos municipais para mulleres vítimas de violencia de xénero ou nalgún centro ou casa de acollida, como si non o fai, levarase a cabo un seguimento-acompañamento psicolóxico, xurídico e social ó longo de todo o seu procedemento, por parte dos técnicos do CIM. Informarase á vítima da existencia do Turno Especial de Oficio para vítimas de violencia de xénero do Colexio de Avogados de Ourense.

Ó Centro de Información á Muller, e ós Servizos Sociais de Atención Primaria acuden, tanto de forma directa mulleres que coñecen da existencia do Centro, como as vítimas que, acudindo a outros servizos municipais (servizos sociais, oficina de educación social e apoio familiar...) a fin de expoñer unha situación de violencia, son derivadas ó CIM.


ORGANIGRAMA



**CIRCUITO DE ATENCIÓN Á MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO
DESDE OS SERVIZOS SOCIAIS E CIM MUNICIPAL**




FUNCIÓNS (1)




- *Recepción, análise e valoración da situación.*
- *Información e derivación, atención xurídica e psicolóxica.*
- *Información, orientación e asesoramento respecto a recursos sociais.*
- *Dar resposta ás necesidades sociais.*
- *Mobilización de recursos sociais.*
- *Coordinar as intervencións con outros equipos e servizos.*
- *Detección e prevención de situacións de violencia.*
- *Recollida e análise dos datos para mellorar futuras intervencións.*

RECURSOS (2)




- *Os propios da Interesada (víctima).*
- *A rede familiar e social.*
- *Recursos específicos do municipio.*
- *Recurso xerais doutros organismos e institucións.*

ACTUACIÓNS (3) (




ACTUACIÓNS EN SITUACIÓN DE URXENCIA:

- *Contención Emocional.*
- *Avaliación do risco de repetición de novas agresións*
- *Valoración dos recursos máis convenientes*
- *Informe de derivación.*
- *Tramitación das axudas de urxencia.*
- *Consecución da documentación necesaria.*
- *Interposición da denuncia.*
- *Acompañamento a múltiples xestións.*




Casa de Acolida (longa estancia) /Centro de Emerxencia Social



Potenciación da rede familiar e social

ACTUACIÓNS POSTERIORES:

- *Acompañamento no proceso de cambio.*
- *Potenciación dos propios recursos persoais e do propio entorno familiar e relacional.*
- *Búsqueda e tramitación de recursos.*
- *Seguimento do caso, atendendo especialmente a súa situación económica, de saúde, e de prevención de futuras agresións.*



Risga, Axudas Periódicas de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero; Axudas e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero; Programa de Inserción Laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero; Programa de Atención Psicolóxica Especializada; outras axudas.

Poboación ou entidades destinatarias:

- Mulleres da Comarca da Limia vítimas de violencia e maltrato.
- Poboación da Comarca da Limia
- Asociacións de Mulleres da Comarca da Limia.
- Asociacións e Agrupacións Veciñais.
- Técnicas e Técnicos do Concello de Xinzo.

Departamentos implicados:

- Secretaría Xeral de Igualdade.
- Centro de Información á Muller (CIM).
- Policía Local
- Comandancia da Garda Civil de Xinzo.
- Servizos Sociais Comunitarios.
- Xulgado de 1ª Instancia de Xinzo de Limia.
- Departamento de Emprego e Formación.
- Centro de Saúde.

Indicadores:

- Normativa reguladora.
- Nº e tipo de campañas, soportes e lugares de divulgación.
- Perfil sociodemográfico das vítimas.
- Nº de asistencia xurídica facilitada.
- Nº de consultas de atención psicolóxica facilitadas.
- Nº de casos de violencia tramitados.
- Nº de mulleres vítimas de violencia de xénero que participan en programas formativos.
- Nº de vítimas de violencia de xénero que se incorporan ó Programa de Inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero.

8.- ANEXOS.

8.- ANEXOS QUE COMPLEMENTAN O PLAN.

8.1.- Protocolo de Actuación Municipal para a Atención ás Víctimas de Violencia de Xénero.



O Concello de Xinzo de Limia a través da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Benestar elaborou no ano 2011 o Protocolo de Actuación Municipal para a Atención Integral ás vítimas de violencia de xénero (ISBN: 978-84-92566-00-6. Dep. Legal: C 2807-2011), proporcionando un soporte técnico das actuacións municipais nesta materia; promovendo a coordinación operativa cos diferentes departamentos e entidades que prestan servizos dirixidos á muller, a través dunha coordinación interdepartamental que facilite a toma de decisión. O seu obxectivo é proporcionar ás/os profesionais dos distintos departamentos, unhas pautas de actuación homoxéneas nos casos coma na prevención e diagnóstico temperá, sendo de gran utilidade para as/os profesionais, xa que é a este nivel onde se ten o contacto máis inmediato e directo coas vítimas de violencia de xénero.

Con esta iniciativa inimpulsase o esforzo do Concello de Xinzo para afrontar este problema, e dáse cumprimento ao imperativo legal recollido no apartado catro do artigo 19 da devantida Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, que convoca a todos os servizos destinados á asistencia social integral, a actuar coordinadamente e en colaboración cos Corpos de Seguridade, os Xuíces de Violencia sobre a Muller, os Servizos Sanitarios e as Institucións encargadas de prestar asistencia xurídica ás vítimas, do ámbito xeográfico correspondente. Este protocolo pretende ser, ante todo, un instrumento útil para mellorar a eficacia e fortalecer a resposta na atención ás mulleres que sofren violencia de xénero, na coordinación das actividades de determinadas institucións que interveñen contra este fenómeno, mediante o deseño e implantación de procedementos que, dun lado, supoñan novas relacións de coordinación entre os axentes implicados e, doutro xeren unha gran sinerxia entre os protocolos internos xa existentes no ámbito propio de cada unha das institucións.

O protocolo aprobouse en Xunta de Goberno do Concello de Xinzo, na súa reunión de 25 de setembro de 2011, coa súa posterior ratificación en pleno. Na súa confección tiveronse en conta o criterio de numerosos expertos e a labor xa desenvolvida nalgúns Comunidades Autónomas.

8.2.- Ficha de recollida de datos do III PIOM da Limia.

FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO IIº PLANO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DAS MULLERES DA LIMIA 2013-2017

ALGUNHAS PAUTAS PARA A ELABORACIÓN DAS FICHAS

1ª: Cubrirase unha ficha para cada unha das actividades; **NON CONTEMPLÁNDOSE MÁIS DUNHA ACTIVIDADE NA MESMA FICHA; NON SE TRATA DE CONVERTER ESTE MODELO NUN RESUMO DAS ACTUACIÓNS DUNHA AENTIDADE.** Por exemplo, se unha entidade ou organismo realiza sete cursos ou charlas, reunión... Durante un ano elaborárase unha ficha para cada curso.

2ª: É **IMPRESINDIBLE DISPOR DO III PIOM DA LIMIA 2013-2017 PARA PROCEDER Á ELABORACIÓN DAS FICHAS**, pois só neste figuran os códigos relativos á área de actuación, obxectivo e actuación concreta.

3ª: Na cabeceira, o organismo e entidade que debe figurar é o principal responsable da actividade quen, ó mesmo tempo, se responsabiliza de cumprimentar a ficha.

4ª: Non se debe confundir o **OBXECTIVO** que figura na cabeceira, referido ó III PIOM, co obxectivo concreto que se persegue coa actividade e que figura no punto 7 da ficha. Neste caso, débese especificar con claridade a meta que se pretende lograr, que nalgúns casos poderá coincidir co obxectivo do III PIOM.

5ª: O **NÚMERO DE ASISTENTES OU PERSOAS BENEFICIARIAS** que figura no apartado 9 da ficha, é moi importante que se desagregue por sexo cando a actividade vaia dirixida tanto a homes como a mulleres e sempre que sexa posible a súa cuantificación.

6ª: No apartado 11, relativo a **COLABORACIÓNS**, especificaránse tódolos organismos, asociacións, entidades etc. que prestaron algún tipo de colaboración, entendida esta en sentido amplo: apoio económico, técnico, material, infraestrutura e recursos humanos.

1.- ORGANISMO/ENTIDADE RESPONSABLE

2.- ÁREAS ESTRATÉXICAS DE INTERVENCIÓN DO III PIOM NA QUE SE INCLÚE *(Sinalar de cor vermella a liña estratéxica de intervención).*

7.1 7.2 7.3 7.4 7.5 7.6 7.7

3.- OBXECTIVO DO II PIOM *(Sinalar de cor vermella o número de obxectivo que corresponde)*

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26				

4.- ACTUACIÓN DO III PIOM *(Escribir o nome completo da actuación do III PIOM).*

Área Estratéxica: *(Nome da área na que se encadra a actuación)*

5.- TIPO DE ACTIVIDADE *(Especificar se se trata dun curso de formación ocupacional ou doutro tipo de curso, dun estudio de investigación, exposición / feira, campaña, servicios de apoio, publicación, reunións de traballo, etc.)*

6.- DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE *(Escribi-lo nome completo da actividade).*

7.- OBXECTIVO/S DA ACTIVIDADE *(Definir, de maneira detallada, a/s meta/s que se persegue/n coa execución desa actividade).*

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

8.- POBOACIÓN OU ENTIDADES DESTINATARIAS *(Sinalara con claridade a qué persoas, colectivos ou grupos específicos vai dirixida a actuación ou a que departamentos, organismos ou entidades. En calquera caso, detallar as características sociodemográficas da poboación: sexo, grupo de idade infantil, mocidade, adultas, maiores, tipo de asentamento urbano, rural, grupos ou colectivos específicos de mulleres ou homes aos que se dirixe a acción, persoas con discapacidade, emigrantes, inmigrantes, paradas, persoas de etnia xitana, empresariado...).*

- _____

9. - Nº DE PARTICIPANTES / USUARIAS OU PERSOAS BENEFICIARIAS (*Sinala-lo número exacto ou, polo menos, o máis aproximado á realidade*).

Nº de mulleres:		Nº de homes:	
Nº de menores:			

10. - ÁMBITO XEOGRÁFICO (*Sinalar de cor vermella ó ámbito correspondente e, se procede só no caso de marca-lo código 1, 2 ou 3 en ámbito xeográfico- sinalar en qué provincia tivo lugar*).

- | | |
|--|----------|
| <i>Urbano</i> | <i>1</i> |
| <i>Rural</i> | <i>2</i> |
| <i>Beiramar</i> | <i>3</i> |
| <i>Provincial</i> | <i>4</i> |
| <i>Autonómico</i> | <i>5</i> |
| <i>Estatat</i> | <i>6</i> |
| <i>Europeo</i> | <i>7</i> |
| <i>Internacional</i> | <i>8</i> |
| <i>Especial (cárcere, centros especiais)</i> | <i>9</i> |

11. - COLABORACIÓN (*Sinalar detalladamente os organismo e as entidades que prestaron a súa colaboración: Concellos, Asociacións, ONG, Consellerías da Administración autonómica, empresas privadas, profesionais...*).

Nome Departamento / Organismo / Entidade
/ /

12.- RECURSOS ECONÓMICOS DEDICADOS (*Indica-los departamento/s, orgaismo/s ou entidade/s que participaron no financiamento da actividade, indicando a cantidade que achega cada un).*

<i>Departamento/s, Organismo/s ou Entidade/s</i>	<i>Orzamento</i>

13.- DATA DE REALIZACIÓN: (*Anotar día/s e mes, e marcar de cor vermella o ano correspondente*)

Día/s:

Mes:

Ano: 2013 2014 2015 2016

14.- INDICADORES RECOLLIDOS NA ACTUACIÓN DO PLANO (*sinalar o/s indicador/res segundo está/n contemplado/s na propia actuación do plano*).

- _____
- _____
- _____

15.- MEDIOS DE DIFUSIÓN (*Sinalar de cor vermella, tódolos medios de divulgación (utilizados, anotando na categoría outros, cando se trate dalgún que non estea indicado)*)

<i>Televisión</i>	<i>01</i>
<i>Radio</i>	<i>02</i>
<i>Prensa</i>	<i>03</i>
<i>Internet</i>	<i>04</i>
<i>Carteis</i>	<i>05</i>
<i>Anuncios, bandos</i>	<i>06</i>
<i>Correo Postal</i>	<i>07</i>
<i>Revistas</i>	<i>08</i>
<i>Contactos persoais (asambleas, reunións)</i>	<i>09</i>
<i>Contacto telefónico</i>	<i>10</i>
<i>Folletos, dípticos, trípticos</i>	<i>11</i>
<i>Material audiovisual e divulgativo</i>	<i>12</i>
<i>Outros. Especificar cá/es</i>	<i>13</i>

16.- DATA NA QUE SE CUMPRIMENTOU ESTA FICHA

Día Mes Ano

9.- GLOSARIO DE TERMOS.

9.- GLOSARIO DE TERMOS.

ABSOLUCIÓN: *Decisión da/o xuíz/a, contida na sentenza ditada no procedemento penal, pola que non se impón ao acusado ningunha pena.*

ACCION POSITIVA: *Estratexias e pautas de actuación que procuran e permiten incidir e correxir as discriminacións resultantes de prácticas sociais establecidas historicamente, co obxectivo de establecer a igualdade de oportunidades.*

ACOSO SEXUAL: *Toda conducta sexual, desenrolada no ámbito da organización e dirección dunha empresa ou como consecuencia dunha relación de traballo, realizada por un suxeito que sabe ou debe saber que é ofensiva e non desexada pola vítima, determinando unha situación que afecta ó emprego e ás condicións de traballo e/ou creando un entorno laboral ofensivo, hostil, intimidatorio ou humillante.*

ACUSACIÓN/CUALIFICACIÓN: *Trámite procesual no que o ministerio fiscal e no seu caso a acusación particular describen os feitos, concretando o delito ou delitos que se acometeron e solicitan a pena que debe imponerse ó acusado.*

ANÁLISE DE XÉNERO: *Estudio de diferencias de condicións, necesidades, índices de participación, acceso ós recursos e desenvolvemento, control de activos, poder de toma de decisións..., entre mulleres e homes, debidas ós papeis que tradicionalmente se lles asignan.*

ANDROCENTRISMO: *Visión do mundo e das cousas, dende o punto de vista teórico e do coñecemento, na que os homes son o centro e a medida de todas elas, ocultando e facendo invisible todo o demais, entre elas as aportacións e contribucións das mulleres á sociedade. Unha visión androcéntrica presupón que a experiencia masculina sería “ a universal”, a principal, a referencia ou representación da humanidade, obviando a experiencia feminina.*

AUTO: *Resolución xudicial que resolve cuestión esenciais durante a tramitación do procedemento.*

AVOGADA/O: *Profesional, licenciada/o en dereito, encargada/o de levar a cabo todas as actuacións necesarias para a defensa dos dereitos e intereses do seu cliente ante os xulgados.*

AXENTE PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES: *Trátase dunha figura ocupacional que se consolidou nos distintos países que conforman a Unión. Dita figura está recoñecida en España na Clasificación Nacional de Ocupacións (CON). As súas competencias profesionais refírense, basicamente, ó “deseño, xestión e avaliación de programas de acción positiva referidos á igualdade de oportunidades para a muller nos terreos da educación, formación profesional, emprego e en xeral todas as formas de participación cidadá”.*

BOAS PRÁCTICAS: *Accións positivas realizadas para conseguir igualdade de oportunidades para as mulleres. A súa aplicación e resultados sêvenlles de modelo a organismos e entidades para vindeiras planificacións e actuacións.*

CIDADANÍA: É o conxunto de dereitos que ten as persoas como suxeitos e os deberes que deles se derivan. Ese “conxunto de dereitos”, foi transformándose e evolucionando parellamente ó desenrolo da sociedade, fundamentalmente, ó longo dos últimos tres séculos.

CITACIÓN: É un acto de comunicación do xulgado que pode practicarse por correo ou a través dunha fucionaria/o do xulgado. A citación debe conter o obxecto desta (declaración, asistencia ó xuizo, exame pola médica/o forense...).

COEDUCACIÓN: Método de intervención educativa que vai máis aló da educación mixta e cuxas bases se asentán no recoñecemento das potencialidades e individualidades de nenas e nenos, independentemente do seu sexo. Establece como normativo o principio de non discriminación por razón de sexo e como principio educativo a formación en igualdade entre os sexos e o rechazo de toda forma de discriminación.

COMPARECENCIA: Acto polo cal, acudindo persoalmente ó xulgado, realízanse determinadas manifestacións, que son recollidas por escrito, en relación cun procedemento xudicial.

CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL: É unha estratexia dirixida a facer compatible diferentes espazos e tempos de vida das persoas para responder ás necesidades e requirimentos da vida laboral, da vida familiar e da vida persoal. Relaciónase polo tanto, coa posibilidade que teñen as mulleres e os homes de equilibrar os seus intereses, obrigacións e necesidades desde unha visión integral da vida. A partir do dereito que teñen a desenvolverse nos diferentes ámbitos: laboral, persoal, familiar e social sen mengua na súa calidade de vida.

CONDENA: Castigo ou pena que se impón ao agresor na sentenza ditada no procedemento penal.

COOPTACIÓN: Ten como ventaxa o otorgarlle autonomía a unha organización, ó poder decidir por si mesma quen serán os seus propios membros ou non. Por exemplo no imperio romano, os emperadores elixían a o seu sucesor en vida, legalizando dita situación sin pasar a levar o principio hereditario, adoptando a dito sucesor cooptado como fillo. A igrexa católica elixe quen es eran sacerdotes por cooptación, a diferenza, por exemplo, do Hinduismo, onde os sacerdotes non son elixidos, senon que se determina a súa pertencencia a dita casta por dereito hereditario de nacemento.

CORRESPONSABILIDADE FAMILIAR: fai referencia á igualdade de dereitos e deberes, sin diferenciar por razón de sexo, máis que na invitación a compartir tarefas.

CUOTA DE PARTICIPACIÓN: Reserva dunha determinada cantidade ou espazo de participación co obxectivo de que diferentes colectivos poidan compartir actividades sociais, políticas e económicas.

DELITO: Actuación contraria ás leis, castigada cunha pena e recollida no Código Penal.

DEMANDA: Escrito asinado por abogada/o e procuradora/or no que se expoñen uns feitos e en base a un razoamento xurídico solicítase unha decisión do/a xuíz/a.

DEMANDADO: Persoa contra a que se presenta unha demanda.

DEMOCRACIA PARITARIA: Forma de organización social e política na que existe igualdade de número e dereitos dos distintos colectivos que compoñen a sociedade e que deben formar parte dos órganos decisorios e de goberno.

DENUNCIA: Actuación pola que se pon de manifestó a comisión dun feito que está castigado no Código Penal por ser constitutivo de delito ou falta.

DENUNCIADO: Persoa contra a que se presenta unha denuncia por cometer algún feito recollido no Código Penal como delito ou falta.

DENUNCIANTE: Persoa que formula unha denuncia por ser vítima ou testemuña dun feito castigado no Código Penal.

DEREITO DE VISITAS OU COMUNICACIÓNS: É o dereito que ten quen non convive cos seus fillos/as de relacionarse cas/os menores. Este dereito, do mesmo xeito que nos casos anteriores e polas mesmas causas , pode suspenderse ou restrinxirse, sempre pensando no interese do/a menor.

DEREITOS REPRODUCTIVOS: Aqueles que teñen as mulleres e os homes para poder obter información e libre acceso ós métodos anticonceptivos, dereito a recibir seguimento adecuado as mulleres durante os seus embarazos e á atención persoalizada durante e despois do parto.

DIFERENCIA: Variedade, diversidade de actitudes e comportamentos. O Concepto da diferenza entre os sexos é a base do feminismo que reivindica a valorización de cualidades atribuídas ás mulleres fronte a valores supostamente masculinos que deron lugar a sociedades agresivas e plenas de desigualdade.

DISCRIMINACIÓN DIRECTA: Situación na que se trata a unha persoa, en razón do seu sexo, dun modo desfavorable.

DISCRIMINACIÓN INDIRECTA : Situación na que unha lei, política ou acción, aparentemente neutrais, teñen un impacto desproporcionadamente adverso sobre os membros dun ou outro sexo.

DISCRIMINACIÓN POSITVA : Medidas dirixidas a un grupo determinado, coas que se pretende suprimir e previr unha discriminación ou compensar as desvantaxas resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes.

DISCRIMINACIÓN VERTICAL: Ocorre cando a posibilidade de que unha muller ocupe un posto directivo diminúe a medida que aumenta a súa responsabilidade dentro da empresa.

DOBRE XORNADA: Traballo que se realiza a cambio dunha retribución monetaria mínima, polo dobre do traballo.

EMPODERAMENTO: *Concepto cunha dobre dimensión, unha individual de recuperación da propia dignidade de cada muller como persoa, e outra colectiva, de carácter político, que pretende que as mulleres estean presentes nos lugares onde se toman as decisións, é dicir, que exerzan o poder.*

EMPREGO A TEMPO PARCIAL: *Traballo que se realiza a cambio dunha retribución monetaria mínima, traballando 20 horas semanais.*

ESCRITO DE ACUSACIÓN: *Escrito no que o ministerio fiscal e, no seu caso, a acusación particular describen os feitos, concretando o delito ou delitos que se acometeron e solicitan a pena que se debe imponerse ó agresor. Logo deste trámite procesual non cabe a personación no procedemento como acusación.*

ESTEREOTIPOS DE XÉNERO: *Crenzas xeralizadas sobre os atributos que caracterizan a mulleres e homes, e que se adquiren a través de procesos de aprendizaxe nos que interven factores culturais coma os medios de comunicación, a familia, a escola...*

ESPAZO DOMÉSTICO: *Identifícase co ámbito reproductivo, co espazo da “inactividade” onde ten lugar a crianza, os afectos e o coidado das persoas dependentes, é dicir, onde se cubren as necesidades persoais. Neste espazo é onde se colocou tradicionalmente ás mulleres.*

FALTA: *Actuación contraria ás leis e recollida no Código Penal que, por considerarse de menor gravidade ten unha pena leve, inferior á prevista para os delitos.*

FEMINISMO: *Doctrina social favorable á muller, a quen concede capacidade e dereitos reservados ante os homes. Un movemento social que esixe para as mulleres iguais dereitos que para os homes.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS: *Argumentos legais en que se basea unha petición ou demanda ante o xulgado.*

GARDA E CUSTODIA: *A garda e custodia é unha das facultades que integran a patria potestade que implica, entre outros, os deberes dos proxenitores de ter na súa compañía ás fillas/os, proporcionarlles un fogar estable, unha educación e, en xeral, a asistencia de toda orde necesaria para o seu desenvolvemento e formación. Nos supostos de ruptura da unidade familiar, esta facultade necesariamente debe atribuírse a un ou outro proxenitor. Para iso a/o xuíz/a deberá valorar a dedicación prestada por cada un dos proxenitores ás fillas/os, así como as circunstancias persoais de cada un deles para levar a cabo o seu exercicio. A determinación de quen dos dous proxenitores ostentará a garda e custodia das/os fillas/os menores debe estar baseada no interese da/o menor.*

GARDA E CUSTODIA COMPARTIDA: *Desde o mes de xullo de 2005 recolleuse nun texto legal a garda e custodia compartida. Con este nome denomínase a situación que se crea cando as/os fillos/as viven co pai e coa nai de forma alterna POR PERÍODOS DE TEMPOS IGUAIS. Para que poida fixarse unha garda e custodia compartida, a nai e o pai deben estar de acordó, e solicitalo ante o/a xuíz/a ademais doutros requisitos, pero non poderá acordarse nos casos de violencia doméstica.*

IGUALDADE DE FEITO: Paridade entre homes e mulleres real e efectiva. A soa promulgación da igualdade legal non basta para cambiar as costumes e estruturas da desigualdade. O mecanismo de acción positiva ten como fin traballar activamente e contrarrestar as desigualdades de partida para que a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres sexa unha realidade.

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES: Fundamentado no principio de igualdade refírese á necesidade de correxir as desigualdades que existen entre homes e mulleres na sociedade. Constitúe a garantía de que mulleres e homes poidan participar en diferentes esferas (económica, política, participación social, de toma de decisións) e actividades (educación, formación, emprego) sobre as bases de igualdade.

IGUALDADE DE XÉNERO: Significa que as mulleres e homes poden participar, e teñen o mesmo poder e a mesma consideración social para tomar decisións, tanto no ámbito público coma no privado.

IGUALDADE FORMAL: É a dictaminada polas diferentes lexislacións dos organismos públicos, internacionais, nacionais, europeos..., en materia de igualdade de trato entre mulleres e homes.

IGUALDADE REAL: Situación de equilibrio nas relacións entre mulleres e homes, segundo a cal teñen as mesmas posibilidades para compartir o traballo, o poder, e a toma de decisións e as responsabilidades familiares, valorando igualmente as súas capacidades, necesidades e contribucións coma cidadáns.

INDICADORES: Datos significativos dunha situación que facilitan a súa medición e o coñecemento da súa evolución.

INDICADORES DE XÉNERO: Feitos observables que dan conta da situación e da posición de homes e mulleres. Permiten coñecer e seguir a evolución das intervencións que se realizan para equilibrar a situación entre ambos.

INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO: Integrar sistemáticamente as situación, prioridades e necesidades respectivas das mulleres e de homes en todas as políticas, con vistas a promover a súa igualdade recorrendo a doas as accións políticas e medidas adecuadas. Faise preciso ter en conta, activa e abertamente, desde a propia fase de planificación, as carencias existentes na situación respectivas de mulleres e homes cando se apliquen, supervisen ou avalen.

MACHISMO: Actitude de prepotencia dos homes respecto das mulleres. Trátase dun conxunto de prácticas, comportamentos e ditos que resultan ofensivos contra o sexo feminino.

MAINSTREAMING DE XÉNERO: Organización, mellora e desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos, de xeito que unha perspectiva de igualdade de xénero se incorpore en todas as políticas, a todos os niveis e en todas as etapas, polos actores normalmente involucrados na adopción de medidas políticas.

MÉDICA/O FORENSE: Profesional da medicina que traballa nos xulgados, encargado de examinar as lesións físicas e psíquicas denunciadas.

MENOR SALARIO: Retribución menor polo traballo realizado ás mulleres, desempeñando o mesmo traballo que o home coas mesmas características.

MERITOCRACIA: É unha forma de goberno baseada no mérito. As posicións xerárquicas son conquistadas con base ao mérito, e hai predominancia de valores asociados á capacidade individual ou espírito competitivo tales como, por exemplo, a excelencia en educación ou deportes.

MISOXINIA: Aquela actitude mediante a cal unha persoa demostra odio e desprezo hacia o sexo feminino. Si ben polo xeral o termo é aplicado a homes, nalgunha que outra situación tamén pode aplicarse a mulleres que se moven cunha actitude de desprezo ou menosprezo ós seus pares de xénero.

ORDE DE PROTECCIÓN: Resolución xudicial na que se establecen medidas de protección para a vítima de violencia familiar, tanto na natureza penal, como civil e social. Para outorgala a/o xuíz/a, que valorará si existe unha situación de risco para a vítima.

PARIDADE: Representación equitativa de homes e mulleres en todos os ámbitos sociais, fundamentalmente nos políticos. A democracia paritaria fai referencia a que nos ámbitos de participación política, ámbolos dous sexos estean representados ao 50%.

PATRIA POTESTADE: É o conxunto de deberes e facultades que a lexislación civil (artigos 154 e 155 C.C.) establece para os proxenitores con respecto das/os fillas/os e supón a súa obriga de velar polas fillas e fillos, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e prestarles unha formación integral, actuando sempre no seu beneficio. Desde o momento en que unha destas obrigas dos proxenitores con respecto ás fillas/os non se cumpre, os poderes públicos teñen a obriga de poñer en marcha os mecanismos oportunos e adoptar as medidas de protección respecto diso.

PERSPECTIVA DE XÉNERO: Tomar en consideración e prestar atención ás diferencias entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito dunha política promotora de igualdade de oportunidades.

POLÍTICAS DE IGUALDADE: Marcos, referencias de actuación política que contemplan o principio de igualdade de trato a través da elaboración de estratexias baseadas no dereito das mulleres a seren tratadas como cidadáns, propoñendo solucións para resolver as desigualdades por razón de sexo.

PRISIÓN PROVISIONAL: Medida cautelar que pode adoptar o/a xuíz/a de instrución respecto do agresor, ante delitos graves.

PSICÓLOGA/O: Persoa que se dedica ó estudio do entendemento e a conciencia das persoas e o modo en que estes inflúen no seu carácter e o seu comportamento.

RECURSO: Forma de impugnar unha resolución xudicial non firme, presentando alegacións que desvirtúen o seu contido e solicitando a súa modificación.

ROLES DE XÉNERO: *Patróns de conducta propios, adecuados e desexables para os nenos, e como propios, adecuados e desexables para as nenas.*

SAÚDE: *Estado de benestar físico, mental e social, estado que abarca todos os ámbitos da vida, e que se relaciona co tipo de sociedade na que se vive e se traballa.*

SEGREGACIÓN HORIZONTAL: *Concentración de mulleres e de homes en sectores de empregos específicos.*

SEGREGACIÓN OCUPACIONAL: *É a tendencia do mercado de traballo a articularse en sectores masculinos ou masculinizados e femeninos ou feminizados (Tamén é chamado **DISCRIMINACIÓN HORIZONTAL**).*

SEGREGACIÓN VERTICAL: *Concentración de mulleres e homes en graos e niveis específicos de postos ou responsabilidades.*

SEXISMO: *O poder que exerce o colectivo humano sobre outro en razón do seu sexo.*

SEXO: *Características físicas que marcan a diferenza biolóxica entre machos e fêmeas segundo o seu papel potencial na reprodución.*

SÍNDROME DE ADAPTACIÓN PARADÓXICA Á VIOLENCIA DOMÉSTICA: *Proceso xerado polo medo, potenciado polo illamento e a carencia de apoio externo perceptible, e mantido por certos estilos de personalidade na vítima.*

SOCIALIZACIÓN DE XÉNERO: *É un proceso a través do cal ó longo do desenrolo social os nenos e as nenas van aprendendo condutas específicas de cada sexo, que están diferenciadas en todas as sociedades, posto que cada unha establece o que é propio dos nenos e o que é propio das nenas.*

TEITO DE CRISTAL: *Expresión proveniente do munod anglosaxón coa que metafóricamente se alude as barreiras (de xénero) intanxibles e invisibles coas que dificultan ou impiden ás mulleres ascender ata ocupar os primeiros postos das organización.*

TESTEMUÑA: *Persoa que declara en xuízo por coñecer determinados datos que acreditasen os seus feitos alegados por unha das partes (demandante/demandado, ou denunciante/denunciado).*

TRANSVERSALIDADE: *Incorporación do principio de igualdade de oportunidades a todo tipo de proxectos públicos ou privados nos diferentes ámbitos: educativos, económico, cultural, político, social...*

VIOLENCIA DE XÉNERO: *Calquera acto de violencia ou agresión, baseado nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de poder dos homes sobre as mulleres, e de uso xeralizado da violencia como forma de relación entre as persoas, que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.*

VIOLENCIA DOMÉSTICA: *Fai referencia a agresións contra as persoas que conviven baixo un mesmo teito. Esta violencia considérase unha problemática de Estado.*

VIOLENCIA ECONÓMICA: *Inclúe a privación intencionada e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos.*

VIOLENCIA FÍSICA: *Inclúe calquera acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano, exercida por quen sexa ou fose o seu conxúxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sin convivencia.*

VIOLENCIA PSICOLÓXICA: *Inclúe toda conducta verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización ou sufrimento a través de ameazas, humillacións ou vexacións; esixencia de obediencia ou sumisión, coerción, insultos, illamento, culpabilización ou limitacións do seu ámbito de liberdade, exercida por quen sexa ou fose o seu conxúxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sin convivencia.*

VIOLENCIA SEXUAL E ABUSOS SEXUAIS: *Inclúen calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, abarcando a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxuxal, de parella afectiva ou de parentesco coa vítima.*

VIOLENCIA SOCIAL: *É aquela violencia na que o agresor limita os contactos sociais e familiares da súa parella, illándoa do seu entorno e limitando así un apoio social importantísimo nestes casos.*

VISTA: *Termo co que se denomina o acto dun xuízo.*

XENERO: *É o sistema integrado por comportamentos aprendidos por socialización, construídos historicamente de forma dinámica que organizan as pautas polas que deben rexerse as relacións sociais entre mulleres e homes, as respectivas posición, función ou espazos que lles corresponden a cada un, porriba das características coma a idade, a clase social, ou o nivel socio-económico e cultural.*

XUIZ/A: *Quen xulga. Encargado de impartir xustiza. É a persoa que decide na sentenza, o resultado do procedemento. Denomínase Maxistrado/a, o/a xuíz con superior categoría.*

XURADO: *Tribunal composto por 9 persoas, sen formación xurídica, quen en determinados delitos, deciden sobre os feitos, encargándose un/unha maxistrado/a da Audiencia Provincial de concretar a cualificación xurídica e a pena. Coa institución do xurado a xustiza é impartida á cidadanía.*

